

valoración xeral

índice de gráfico e cadros


mercados

# políticas de fomento das artes escénicas e musicais

apoio á actividade escénica e musical

promoción exterior

medidas de apoio



## producción propia

Centro Dramático Galego

Centro Coreográfico Galego

Escola de Altos Estudos Musicais

## AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

### CONSELLO DE DIRECCIÓN

**Ánxela Bugallo Rodríguez**

Presidenta, Conselleira de Cultura e Deporte

**Miguel Martín Fernández**

Director da AGADIC

**Luis Bará Torres**

Director xeral de Creación e Difusión Cultural,  
Consellería de Cultura e Deporte

**Cristina Fabeiro Varela**

Subdirectora xeral de Creación e Difusión Cultural,  
Consellería de Cultura e Deporte

**Eugenio García Lalinde**

Director xeral de Política Financeira e Tesouro,  
Consellería de Economía e Facenda

**María Elena Veiguela Martínez**

Directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade  
da Información, Consellería de Innovación e Industria

**Cristina Domínguez Dapena**

Directora do Centro Dramático Galego

**Natalia Balseiro Rodríguez**

Coordinadora do Centro Coreográfico Galego

**Enrique Meyer Pleite**

Xefe de Estudos da Escola de Altos Estudos Musicais

**Axencia Galega das Industrias Culturais**

**AGADIC**

Rúa da Vesada s/n

San Lázaro. 15703

Santiago de Compostela

agadic@xunta.es

www.agadic.info

Edita: AGADIC

Deseño gráfico: Uqui ||||| Cebra

Depósito Legal: C 1515-2009









## ÍNDICE

Valoración xeral ..... 07

---

**Políticas de fomento das  
artes escénicas e musicais** ..... 10

1. Mercados ..... 13

2. Apoio á actividade escénica  
e musical ..... 29

3. Promoción exterior ..... 43

4. Medidas de apoio ..... 47

---

**Produción propia** ..... 54

1. Centro Dramático Galego ..... 57

2. Centro Coreográfico Galego ..... 67

3. Escola de Altos Estudos Musicais ..... 76

---

Índice de gráficos e cadros ..... 79



## **Valoración xeral**

A Consellería de Cultura e Deporte considera que os retos actuais e futuros que a nosa cultura debe afrontar fan preciso un cambio real, fondo e estrutural tanto das políticas culturais públicas coma das propias estruturas administrativas desde as que esas políticas se están a impulsar. A atención, plena e acompañada, a todas as dimensións nas que hoxe en día se manifesta a cultura foi, neste sentido, un obxectivo central desta lexislatura. Para iso procedeuse ao deseño da nova estrutura da Consellería e á definición, en diálogo permanente cos sectores afectados, das políticas sectoriais, desde un punto de vista integral e estratéxico.

Avanzando neste sentido o que foi a posta en marcha da Axencia Galega das Industrias Culturais, a Consellería de Cultura e Deporte posicionou desde o verán de 2005 o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais como o organismo especializado no desenvolvemento da política da Consellería nas artes escénicas e musicais desde a perspectiva das industrias culturais. Das diferentes dimensións da actividade cultural, o IGAEM asumiu aquelas relativas ao seu carácter de actividade económica estratéxica de produción para o mercado, en tanto que as relativas á creación e á cultura como servizo público quedaron en mans da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

### **A creación da AGADIC**

O exercicio 2008 foi o da abordaxe das reformas de carácter estrutural do IGAEM que permitiron adaptar a súa estrutura ás novas necesidades e dotar a Consellería de Cultura e Deporte dun instrumento áxil e eficaz de apoio aos distintos sectores coa creación da AGADIC.

A Consellería de Cultura marcouse como un dos seus obxectivos centrais a promoción e apoio dunhas industrias culturais dinámicas e innovadoras. O traballo da AGADIC fórmulase non desde unha perspectiva sectorial, senón aplicando de xeito transversal a perspectiva das industrias culturais a todos os sectores cos que traballa (artes escénicas, música, audiovisual, libro). A necesidade de crear e fortalecer este tecido empresarial propio no ámbito da cultura susténtase nunha dobre necesidade económica e identitaria. Por un lado, Galicia debe aproveitar a súa identidade como un valor para producir bens e servizos culturais de alto valor engadido no mercado, pola súa especificidade e diferenciación. Por outro, precisamos como país industrias culturais propias para seguir tendo capacidade produtiva de noso no ámbito cultural. Está en

xogo, hoxe, seguirmos a ser unha sociedade *produtora* capaz de xerar contidos e discurso desde si mesma, que non se resigna a un papel de simple *receptora* pasiva, ou pola contra convertérmonos nun territorio máis dos que conformarán a xeografía do consumo.

## Liñas de traballo da AGADIC

O sector das artes escénicas e musicais está caracterizado en Galicia por unha situación de debilidade, cun tecido empresarial fragmentado e insuficientemente capitalizado, o que provoca a precariedade do mercado laboral. No referente ás artes escénicas, o principal factor limitativo desta falta de desenvolvemento é a escasa presenza social do teatro e da danza como alternativas de ocio e cultura. Como consecuencia, a produción de espectáculos de artes escénicas enfróntase cun mercado ríxido e cativo e as empresas de artes escénicas vense abocadas a unha dependencia excesiva das axudas públicas. No ámbito musical a clave do seu desenvolvemento céntrase na procura dunha maior visibilidade dos creadores e no fortalecemento do tecido industrial da música galega, que debe sustentar o talento artístico existente e achegalo aos públicos tanto de Galicia como, fundamentalmente, do exterior.

O obxectivo central das políticas da Axencia Galega das Industrias Culturais é a transformación destas situacións, na procura dun tecido empresarial forte, dun mercado laboral normalizado e dunha estrutura cultural produtiva dinámica, competitiva e innovadora. A estratexia para enfrontar a actual situación de debilidade non pasa por un maior proteccionismo público, senón polo fortalecemento dos instrumentos de apoio ao sector, para posibilitar a súa capitalización e modernización, e pola articulación e potenciación dos mercados das artes escénicas e da música.

Catro son, en coherencia co que vimos de explicar, as directrices básicas que a AGADIC, e anteriormente o IGAEM, se marcou para as súas políticas de apoio ás industrias culturais:

1. **Estabilidade.** Incremento progresivo dos recursos financeiros de apoio ao sector, coa finalidade de contribuír á súa capitalización e á estabilización dos equipos técnicos e artísticos.
2. **Modernización e mellora.** Fomento da mellora na xestión empresarial e nos procesos de produción e distribución das empresas do sector.
3. **Articulación e potenciación do mercado.** Potenciación da presenza social das artes escénicas e musicais, captación de públicos, incremento do volume global de contratación e mellora da transparencia e dinamismo do mercado.
4. **Promoción exterior.** Incremento dos niveis de penetración da produción escénica e musical das empresas galegas nos mercados exteriores.



## Un traballo que dá resultados

Ao longo dos dous primeiros anos desta lexislatura, o IGAEM enfrontou as reformas máis urxentes na articulación dos sistemas de incentivos de apoio á actividade escénica e musical e sentou as bases das reformas estruturais a medio e longo prazo. A pesar do limitado do tempo transcorrido, moitos dos efectos destas novas políticas comezan a estar á vista.

Nas artes escénicas, por exemplo, os ingresos de explotación das compañías de teatro galegas están a crecer a ritmos superiores ao 20% anual. Como consecuencia, o número de compañías teatrais que facturan máis de 100.000 euros anuais pasou de oito no ano 2005 a 27 no ano 2008 e a facturación media das principais compañías de teatro de actor duplicouse, chegando ata os 345.000 euros anuais. Neste tempo púxose en marcha a Rede Galega de Salas, modificouse o regulamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios –con resultados moi positivos canto ao incremento da actividade escénica e á reordenación interna do sector–, subvencionáronse 26 proxectos de mellora nas dotacións técnicas dos espazos de programación e modificouse e completouse o esquema e filosofía das axudas directas ao sector –coa creación das axudas bianuais, as compañías residentes, as axudas á nova creación ou as axudas ao sector da maxia–. No exercicio 2009 a contía das axudas á actividade escénica (1.450.000 €) superará en case un millón de euros a que había en 2005 (460.677 €). En febreiro de 2009 asinouose o primeiro convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia. Pero alén de todo isto, neste tempo deseñouse de forma participativa e integrada o Plan Galego das Artes Escénicas, o primeiro das súas características no conxunto do Estado, con orzamentos comprometidos para cada unha das medidas que contempla.

No campo da música, que partía dun claro desequilibrio canto á atención recibida e ás políticas destinadas a esta, desde 2006 véñense poñendo en marcha medidas de nova planta no ámbito das programacións, das axudas directas e da promoción exterior, para apoiar a actividade empresarial tanto no ámbito da música gravada coma no da música ao vivo. Hoxe en día o sector musical dispón de liñas de axuda para a promoción social de traballos discográficos, para a actuación de artistas galegos fóra de Galicia ou para a presenza de empresas musicais en feiras e mercados internacionais, todas elas de creación en 2006 e 2007, ademais de novas programacións específicas e dun notable impulso á promoción exterior, coa presenza do sector nos principais mercados europeos (Womex, Midem, Popkomm) baixo a marca Galician Tunes.

Reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios, axudas bianuais, compañías residentes, crecemento do 300% das axudas directas, convenio colectivo de actores e actrices de teatro, axudas á nova creación, Rede Galega de Salas, Plan Galego das Artes Escénicas, apoio á promoción exterior da cultura, creación do Centro Coreográfico Galego, posta en marcha dunha política de apoio á música popular e Rede Galega de Música ao Vivo. Remata unha lexislatura que deixa instaurados avances estruturais substanciais nas políticas culturais.

Que non se interrumpa a función.

# POLÍTICAS DE FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

<b>MERCADOS</b> .....	13	<b>PROMOCIÓN EXTERIOR</b> .....	43
Rede Galega de Teatros e Auditorios .....	15	Axudas á distribución exterior no ámbito das artes escénicas .....	44
Niveis de contratación .....	15	Axudas á distribución exterior no ámbito da música .....	46
Niveis de asistencia de públicos .....	19	<b>MEDIDAS DE APOIO</b> .....	47
Espazos escénicos .....	21	Comunicación social .....	47
Circuíto privados .....	22	De <a href="http://igaem.xunta.es">http://igaem.xunta.es</a> a <a href="http://www.agadic.info">www.agadic.info</a> .....	47
Rede Galega de Salas .....	22	e_scena .....	49
Rede Galega de Música ao Vivo .....	25	Publicacións .....	50
Promoción .....	26	Coleccións .....	50
Artes escénicas .....	26	Publicacións periódicas .....	53
Música .....	28	Prospectiva .....	53
<b>APOIO Á ACTIVIDADE ESCÉNICA E MUSICAL</b> .....	29		
Apoio á actividade escénica .....	30		
Xestión das axudas á actividade escénica .....	30		
Evolución da actividade do sector .....	33		
Apoio á actividade musical .....	35		
Desenvolvemento empresarial .....	35		
Plan de formación .....	36		
Fomento do asociacionismo profesional .....	39		
Apoio á creación .....	40		





## 1. Mercados

A área de mercados ten como obxectivo a potenciación dos mercados interiores para a produción escénica e musical galega, utilizando como instrumento fundamental a articulación de redes de espazos escénicos e o impulso ás súas programacións. O exercicio 2007 supuxo unha renovación importante das políticas impulsadas polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais. Por unha banda, desde xaneiro de 2007 fixéronse efectivas as liñas de reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios pactadas cos diferentes axentes culturais na comisión técnica de reforma da Rede ao longo de 2006. Por outra, creáronse dúas novas redes de espazos de exhibición de titularidade privada –a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Música ao Vivo– destinadas a promover as programacións estables de teatro, danza e música.

O balance das reformas emprendidas é claramente positivo. A redefinición da Rede Galega de Teatros e Auditorios supuxo un incremento no exercicio 2007, con respecto ao 2006, do 22% no número de espazos escénicos, do 8% na programación e do 25% nas dotacións económicas. A posta en marcha da Rede Galega de Salas e da Rede Galega de Música ao Vivo permitiu incorporar á oferta de programacións 53 novos espazos de exhibición, cunha oferta de case 1.000 actuacións e un orzamento de 450.000 euros. De forma conxunta, ambas reformas supuxeron que os orzamentos de programacións do exercicio 2007 case duplicasen os de 2005, que as programacións de teatro crecesen nun 50%, mentres que as de maxia e música se multiplicaran por 3,8 e por 20 respectivamente.

Durante o exercicio 2008 continuou a tendencia iniciada en 2007, de xeito que as programacións aumentaron un 9% en volume de funcións e de contratación. O incremento foi especialmente significativo no caso da danza, chegando ao 19% en número de funcións e ao 35% en orzamento de contratación.




**Cadro 1. Evolución global das programacións de artes escénicas e musicais**

	2005			2006			2007			2008		
	Salas	Funcións	Orzamento	Salas	Funcións	Orzamento	Salas	Funcións	Orzamento	Salas	Funcións	Orzamento
RGTA	44	552	1.405.318,82	45	688	1.748.887,13	50	745	2.177.186,90	55	856	2.314.931,95
RGS	0	0	0,00	0	0	0,00	5	144	69.200,00	5	192	116.815,00
RGMV	0	0	0,00	0	0	0,00	48	834	380.720,00	47	632	429.588,66
Total	44	552	1.405.318,82	45	688	1.748.887,13	103	1.723	2.627.106,90	107	1.680	2.861.335,61


**Cadro 2. Evolución das programacións por disciplinas artísticas**

	2005		2006		2007		2008	
	Funcións	Orzamento	Funcións	Orzamento	Funcións	Orzamento	Funcións	Orzamento
Teatro	466	1.077.083,32	501	1.214.470,83	703	1.892.581,42	817	2.044.880,80
Danza	29	168.711,20	39	192.849,60	73	183.304,00	99	218.781,70
Maxia	19	44.270,00	66	159.202,06	72	180.697,00	138	157.918,45
Música	38	115.254,30	82	182.364,64	791	440.836,00	662	439.754,66
Total	552	1.405.318,82	688	1.748.887,13	1.639	2.697.418,42	1.716	2.861.335,61

**Gráfico 1. Orzamentos totais de programación**



**Gráfico 2. Distribución por disciplinas**



En 2008 as programacións de artes escénicas e musicais aumentaron un 9% en volume de funcións e de contratación

## 1.1. Rede Galega de Teatros e Auditorios

### 1.1.1. Niveis de contratación

A reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios tiña como finalidade a ampliación dos niveis de contratación e a reordenación do mercado, reducindo o volume da oferta de espectáculos e incrementando os niveis medios de contratación por compañía, sen incidir negativamente na facturación por función. Mentres que a evolución positiva dos niveis de contratación é visible xa desde o ano 2006, cun incremento interanual próximo ao 25%, os efectos da reforma da RGTA aparecen na programación de 2007, que supón unha clara ruptura respecto das anteriores liñas de tendencia. O axuste da oferta reflíctese nunha redución do 30% dos espectáculos en exhibición, ao tempo que os niveis medios de contratación pasan das 4,05 funcións e 10.287,57 euros por compañía, en 2006, ás 5,82 funcións e 17.009,27 euros por compañía en 2007 e 7,15 funcións e 20.486,12 euros por compañía no exercicio 2008. Todo isto, sen afectar negativamente á facturación por función, que pasa dos 2.542 aos 2.865,01 euros.

A programación de teatro é o mellor exponente da evolución da Rede Galega de Teatros e Auditorios como mercado para a produción escénica. Nun período de tres anos o volume global de facturación practicamente se duplicou e a contratación media por compañía pasou de 7,17 funcións e 16.570 euros a 10,52 funcións e 30.582 euros. A evolución da situación das compañías con maiores niveis de contratación ofrécenos unha panorámica máis clara: nos últimos períodos de contratación as dez compañías con maior nivel de distribución contratan unha media de 23 funcións, cunha facturación media de 87.000 euros. Se ben os actuais niveis de facturación aínda deben ser mellorados, a comparativa realizada demostra que as reformas introducidas están a permitir achegarse de forma progresiva aos niveis de facturación óptimos.

**Cadro 3. Evolución global da contratación na RGTA**

	2005	2006	2007	2008
Espazos escénicos	44	45	50	50
Gasto total	1.405.318,82	1.748.887,13	2.177.186,90	2.314.931,95
IGAEM – AGADIC	736.411,83	882.903,25	1.140.755,03	1.216.311,37
Outras entidades	668.906,99	865.983,88	1.036.431,87	1.098.620,58
Compañías	111	170	128	113
Espectáculos	185	229	153	146
Funcións	552	688	745	808
Media de funcións por compañía	4,97	4,05	5,82	7,15
Facturación media por compañía	12.660,53	10.287,57	17.009,27	20.486,12
Facturación media por función	2.545,87	2.541,99	2.922,40	2.865,01

Nas restantes disciplinas artísticas a evolución dos datos de contratación presenta patróns de comportamento diverxentes. No caso da danza, tras a paralización nos niveis de contratación e facturación que se produciu durante os exercicios 2006 e 2007, en 2008 comeza a percibirse un cambio de tendencia motivado polos elementos correctores introducidos na programación a mediados deste exercicio. Na programación do ano 2009 o cambio de tendencia debería amosar xa efectos significativos. De feito, os resultados do primeiro semestre de 2009 mostran un incremento do 51% da facturación por función e unha facturación media por compañía que supón máis do 90% da facturación total por compañía de todo o exercicio 2008.

No caso da maxia, tras o esforzo realizado a partir do exercicio 2006 por promover a entrada e consolidación desta disciplina artística dentro das programacións da Rede, que supuxo multiplicar por catro os niveis de contratación, neste último exercicio produciuse un retroceso do 25%.

Gráfico 3. Evolución anual das principais ratios




Gráfico 5. Evolución anual das principais ratios: teatro




Gráfico 4. Evolución anual dos principais indicadores





Gráfico 6. Evolución anual dos principais indicadores: teatro



#### Cadro 4. Evolución da contratación de teatro na RGTA

	2005	2006	2007	2008
<b>Teatro infantil</b>				
Compañías	25	30	39	23
Espectáculos	55	61	39	27
Funcións	157	159	192	224
Orzamento	267.901,88	226.826,68	355.011,95	458.018,01
Media de funcións por compañía	6,28	5,30	4,92	9,74
Facturación media por compañía	10.716,08	7.560,89	9.102,87	19.913,83
Facturación media por función	1.706,38	1.426,58	1.849,02	2.044,72
<b>Teatro para adultos</b>				
Compañías	40	44	39	41
Espectáculos	77	68	52	55
Funcións	309	342	401	449
Orzamento	809.181,44	987.644,15	1.394.377,95	1.499.251,54
Media de funcións por compañía	7,73	7,77	10,28	10,95
Facturación media por compañía	20.229,54	22.446,46	35.753,28	36.567,11
Facturación media por función	2.618,71	2.887,85	3.477,25	3.339,09
<b>Total teatro</b>				
Compañías	65	74	78	64
Espectáculos	132	129	91	82
Funcións	466	501	593	673
Orzamento	1.077.083,32	1.214.470,83	1.749.389,90	1.957.269,55
Media de funcións por compañía	7,17	6,77	7,60	10,52
Facturación media por compañía	16.570,51	16.411,77	22.428,08	30.582,34
Facturación media por función	2.311,34	2.424,09	2.950,07	2.908,28

#### Cadro 5. Evolución dos niveis de contratación das dez compañías de teatro con maior facturación na RGTA

	2005	2006	2007	2008
<b>Número de compañías en rede</b>				
Con máis de 25 funcións contratadas	2	2	4	3
Con máis de 40.000 euros facturados	5	9	12	19
<b>Datos das 10 compañías con maior contratación<sup>1</sup></b>				
Funcións	189	196	245	232
Media de funcións por compañía	18,90	19,60	24,50	23,20
Facturación media por compañía	47.575,34	69.526,13	85.240,32	87.192,80

(1) Datos das 10 compañías con maior nivel de contratación en cada un dos períodos considerados [...]

[...] Cadro 5

	2005		2006		2007		2008	
	Funcións	Facturación	Funcións	Facturación	Funcións	Facturación	Funcións	Facturación
Teatro do Atlántico	20	69.600,00	22	69.032,76	31	107.201,80	18	80.736,00
Teatro do Morcego	37	78.925,00	14	39.400,00	22	78.900,00	26	84.925,25
Talia Teatro	11	17.205,00	15	30.315,00	21	46.990,00	44	106.176,25
Teatro do Noroeste	12	24.940,00	17	77.430,00	22	122.716,40	18	64.800,00
Teatro de Ningures	20	54.848,00	18	62.168,00	24	79.275,00	23	74.225,00
Sarabela Teatro	25	63.270,92	34	92.167,06	39	104.392,50	28	75.750,00
Teatro Galileo	8	24.635,00	6	21.975,00	16	49.013,00	25	90.261,75
Teatro do Adro	18	33.930,00	5	11.600,00	11	32.960,00	17	54.400,00
Berrobambán	0	0,00	2	3.000,00	15	48.150,00	14	60.000,00
Lagarta Lagarta	6	16.704,00	28	92.220,00	34	106.302,40	28	81.409,55
	157	384.057,92	161	499.307,82	235	775.901,10	241	772.683,8

Cadro 6. Evolución da contratación de danza, maxia e música na RGTA

	2005	2006	2007	2008
<b>Danza</b>				
Compañías	9	14	17	17
Espectáculos	10	16	18	23
Funcións	29	39	39	51
Orzamento	168.711,20	192.849,60	166.264,00	189.578,04
Media de funcións por compañía	3,22	2,79	2,29	3,00
Facturación media por compañía	18.745,69	13.774,97	9.780,24	11.151,65
Facturación media por función	5.817,63	4.944,86	4.263,18	3.717,22
<b>Maxia</b>				
Compañías	7	22	22	16
Espectáculos	7	22	22	23
Funcións	19	66	72	54
Orzamento	44.270,00	159.202,06	180.697,00	96.936,52
Media de funcións por compañía	2,71	3,00	3,27	3,38
Facturación media por compañía	6.324,29	7.236,46	8.213,50	6.058,50
Facturación media por función	2.330,00	2.412,15	2.509,68	1.795,11
<b>Música</b>				
Compañías	30	60	22	16
Espectáculos	36	62	22	18
Funcións	38	82	41	30
Orzamento	115.254,30	182.364,64	80.836,00	71.148,00
Media de funcións por compañía	1,27	1,37	1,86	1,88
Facturación media por compañía	3.841,81	3.039,41	3.674,36	4.446,75
Facturación media por función	3.033,01	2.223,96	1.971,61	2.371,60



### 1.1.2. Niveis de asistencia de públicos

Na memoria de actividades correspondente ao exercicio 2007 poñíase de manifesto a evolución negativa dos niveis de asistencia de públicos, que non se correspondía co incremento nos niveis de programación. O exercicio 2006 pechouse cunha media acumulada de case 160 espectadores por función, o que indicaba un nivel medio de ocupación do 40% da oferta de prazas, moi preto dos niveis de sistemas teatrais consolidados como o catalán. Porén, os datos de 2007 reflectían unha media acumulada de 130 espectadores por función, correspondente a unha ocupación do 35%. Conforme a valoración realizada, esta disparidade respondía non tanto a unha diminución real na asistencia como aos axustamentos realizados no control das programacións e dos procesos de recollida de datos. A introdución das follas de billeteira como instrumento obrigatorio de certificación dos datos de recadación e de asistencia e a supresión das funcións ao aire libre e das funcións escolares contribuíron a un mellor control e validación da información de públicos, de forma que os datos correspondentes ao exercicio 2007 presentarían un mellor axuste coa realidade. Os datos de facturación corroboraban esta hipótese: a pesar de que 2007 remataba con 30 espectadores menos por función, a recadación medraba nun 7,24%.

## O aumento, en 2008, do 30,9% en espectadores e do 42,8% en facturación por billeteira amosan unha evolución significativa e sostida na penetración social das programacións da RGTA


No exercicio 2008 a evolución dos niveis de programación, de asistencia de públicos e de facturación seguiron unha tendencia común. Mentres que a programación se incrementou nun 10%, ata chegar ás 759 funcións, os espectadores da Rede Galega de Teatros e Auditorios aumentaron nun 30,9% e a facturación por recadación de billeteira creceu nun 42,8%. O maior incremento do volume de espectadores e da facturación de billeteira obedeceu ao crecemento dos niveis unitarios de espectadores por función, nun 18,67%, e da facturación por recadación de billeteira por función, nun 29,44%.

Os resultados do exercicio 2008 parecen referendar a análise do insuficiente control e validación dos datos no exercicio 2006. Igualmente, mostran unha evolución positiva, significativa e sostida, na penetración social das programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Existe aínda unha marxe de mellora nos niveis de asistencia de público e de facturación, pero con niveis de crecemento interanual do 18% ao 30% non deberían transcorrer máis de tres ou catro anos para situarse en niveis óptimos, equiparables aos das programacións escénicas de sistemas teatrais normalizados.

**Cadro 7. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGTA. Comparativa 2007-2008**

2007	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño	setembro	outubro	novembro	decembro
Funcións	44,00	64,00	81,00	79,00	72,00	25,00	36,00	84,00	89,00	114,00
Espectadores	6.302,00	9.994,00	8.814,00	7.348,00	7.770,00	2.419,00	4.608,00	10.782,00	12.541,00	14.243,00
Ocupación	38,84%	40,25%	28,64%	27,87%	29,53%	28,52%	29,35%	34,67%	32,89%	33,82%
Facturación	17.380,56	29.804,05	30.888,67	21.335,03	20.115,50	8.059,50	16.862,00	31.948,00	39.406,00	38.186,00
Esp./función	143,23	156,16	108,81	93,01	107,92	96,76	128,00	128,36	140,91	124,94
Fact./función	395,01	465,69	381,34	270,06	279,38	322,38	468,39	380,33	442,76	334,96
2008	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño	setembro	outubro	novembro	decembro
Funcións	63	74	87	107	82	20	41	101	101	83
Espectadores	10.566	10.589	13.119	13.714	8.326	2.046	6.711	15.940	16.352	13.677
Ocupación	43,61%	42,05%	35,84%	36,51%	30,87%	26,73%	40,46%	40,20	39,74	40,61
Facturación	31.670,38	31.712,86	44.349,25	34.769	25.678,75	7.194,50	37.052,25	57.673,75	48.648,00	43.942,75
Esp./función	167,71	143,09	150,79	128,17	101,54	102,30	163,68	157,82	161,90	164,78
Fact./función	502,70	428,55	509,76	324,94	313,16	359,73	903,71	571,03	481,66	529,43

**Gráfico 7. Espectadores por función. Evolución mensual**



**Gráfico 8. Espectadores por función. Datos acumulados**




Gráfico 9. Facturación por función. Evolución mensual





Gráfico 10. Facturación por función. Datos acumulados



### 1.1.3. Espazos escénicos

No exercicio 2008 financiáronse, a través da convocatoria de subvencións ás dotacións e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios, nove proxectos de mellora das dotacións técnicas, por un importe de 120.000 euros e cun volume de investimento global de 211.311 euros.

Cadro 8. Evolución das axudas a dotacións e investimentos da RGTA

	2006	2007	2008	%08/06
N.º solicitudes	18	25	34	88,89%
N.º proxectos aprobados	8	9	9	12,50%
% proxectos aprobados	44,44%	36,00%	26,47%	-40,44%
Orzamento	120.000,00	120.000,00	120.000,00	0,00%
Orzamento total	210.144,50	223.156,82	211.311,00	0,56%
Orzamento por proxecto	15.000,00	13.333,33	13.333,33	-11,11%
Orzamento total por proxecto	26.268,06	24.795,20	23.479,00	-10,62%

Cadro 9. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2008

Entidade	Subvención	Investimento total
Concello de Tui	24.000,00	47.974,66
Concello de Santiago	7.160,39	11.933,98
Concello de Cangas	14.636,83	24.397,72
Concello de Ourense	19.000,00	31.666,67
Concello de Pontevedra	16.000,00	26.666,67
Concello de Carballo	6.952,65	11.587,75
Concello de Ferrol-Teatro Jofre	14.000,00	23.333,33
Concello de Burela	10.000,00	20.000,00
Concello de Ribadeo	8.250,13	13.750,22

## 1.2. Circuitos privados

### 1.2.1. Rede Galega de Salas

Durante o exercicio 2007 púxose en marcha a Rede Galega de Salas, destinada a promover programacións estables de espectáculos de artes escénicas e a apoiar a consolidación dun circuito de espazos de exhibición de titularidade privada. En relación ás programacións, a Rede Galega de Salas aposta por un modelo baseado en espectáculos de pequeno formato, especialmente de creación contemporánea e para público infantil, cunha maior permanencia en praza. Na programación do ano 2008 participou un total de 48 compañías, cunha oferta de 59 espectáculos, que desenvolveron 192 funcións en cinco espazos escénicos, un 33% máis que no ano 2007. No primeiro semestre do ano 2009 desenvolveranse 155 funcións, correspondentes a 50 compañías e 62 espectáculos, polo que é previsible que a programación do ano incremente significativamente a de 2008 (a previsión orzamentaria é de 250 funcións, cun custo unitario medio de 750 euros). En relación coa consolidación dunha rede de espazos de exhibición de titularidade privada, a programación da Rede Galega de Salas vén reforzar a política de axudas directas. No exercicio 2008 o apoio da Axencia Galega das Industrias Culturais ás salas de titularidade privada deu un salto cualitativo, ao acadar os 316.000 euros entre as axudas directas e o apoio á programación, fronte aos 190.000 euros do exercicio 2007.

A posta en marcha da Rede Galega de Salas e as novas políticas de apoio ás redes de espazos escénicos de titularidade privada teñen unha incidencia directa na evolución económica destes espazos. Entre os anos 2005 e 2008 os ingresos das salas creceron preto dun 94% grazas ao incremento das axudas directas e dos ingresos xerados pola actividade, que se multiplicaron por 1,7 neste período. Como consecuencia, as salas pasan dunha situación de déficit no balance entre ingresos e gastos (-4,8%) a unha situación de superávit (4,9%).

A posta en marcha da Rede Galega de Salas supuxo a apertura dun novo espazo de exhibición para os espectáculos de creación contemporánea e para os destinados ao público infantil, así como un reforzo das programacións e do equilibrio financeiro das salas de titularidade privada.

Os ingresos dos espazos escénicos adheridos á Rede Galega de Salas creceron no período 2005-2008 preto dun 94%, situándose cun superávit do 4,9%

**Cadro 10. Programación da Rede Galega de Salas**

	2007	2008	1º semestre 2009
Compañías	38	48	50
Espectáculos	47	59	62
Funcións	144	192	155
Orzamento	69.200,00	116.815,00	101.935,00
Funcións por compañía	3,79	4,00	3,10
Orzamento por compañía	1.821,05	2.433,65	2.038,70
Orzamento por función	480,56	608,41	657,65

**Cadro 11. Evolución das axudas directas a salas de titularidade privada**

	2006	2007	2008	%08/06
N.º solicitudes	5	6	7	40,00%
N.º proxectos aprobados	4	6	5	20,00%
% proxectos aprobados	80,00%	100,00%	71,43%	89,29%
Orzamento	95.000,00	120.000,00	200.000,00	110,53%
Orzamento por proxecto	23.750,00	20.000,00	40.000,00	68,42%

**Cadro 12. Evolución dos ingresos e gastos medios das salas de titularidade privada**

	2005	2006	2007	2008	% 05-08
Ingresos por billeteira	14.647,55	22.394,13	44.432,44	19.524,77	33,30%
Axudas e subvencións	46.595,63	36.824,03	46.487,23	99.526,76	113,60%
Outros ingresos	23.213,69	33.583,62	42.862,87	44.632,14	92,27%
Total ingresos	84.456,87	92.801,98	133.782,54	163.683,67	93,81%
Total gastos	88.712,16	104.397,04	111.053,73	156.072,35	75,93%



**Cadro 13. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGS**

2007	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	set.	out.	nov.	dec.
Funcións	27,00	32,00	11,00	16,00	12,00	10,00	8,00	8,00	17,00
Espectadores	1.093,00	1.115,00	331,00	405,00	239,00	208,00	199,00	314,00	388,00
Ocupación	36,12%	34,32%	38,87%	36,43%	32,00%	33,16%	44,96%	38,80%	37,48%
Facturación	6.045,00	5.954,50	1.504,50	1.481,00	1.490,00	1.042,00	1.042,00	1.350,00	2.021,00
Esp./función	40,48	34,84	30,09	25,31	19,92	20,80	24,88	39,25	22,82
Fact./función	223,89	186,08	136,77	92,56	124,17	104,20	130,25	168,75	118,88
2008	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	set.	out.	nov.	dec.
Funcións	18	21	25	18	6	25	26	32	21
Espectadores	510	661	824	218	168	494	676	1.125	699
Ocupación	45,86%	54,79%	46,11%	20,63%	36,36%	35,83%	44,83	59,35	54,17
Facturación	2.899	3.141	3.747	1.432	981	8.381	3.315	4.575	2.612
Esp./función	28,33	31,48	32,96	12,11	28,00	19,76	26	35,16	33,29
Fact./función	161,06	149,57	149,88	79,56	163,50	335,24	127,5	142,97	124,38

**Datos acumulados**

2008	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	set.	out.	nov.	dec.
Funcións	18	39	64	82	88	114	140	172	193
Espectadores	510	1.171	1.995	2.213	2.381	2.907	3.583	4.708	5.407
Ocupación	45,86%	52,21%	48,95%	38,25%	37,42%	44,72%	45,57%	45,45%	44,47%
Facturación	2.899	6.039	9.786	11.218	12.199	20.659	23.973	28.548	31.160
Esp./función	28,33	30,03	31,17	26,99	27,06	25,50	25,59	27,37	28,02
Fact./función	161,06	154,85	152,91	136,80	138,63	181,22	171,24	165,98	161,45

Os datos de público da Rede Galega de Música  
ao Vivo en 2008 certifican un incremento do 20%  
nos niveis de asistencia

### 1.2.2. Rede Galega de Música ao Vivo

A apertura da Rede Galega de Música ao Vivo supuxo a posta en marcha da primeira programación específica de carácter estable para a música popular galega. Na súa configuración apostouse por un modelo de salas de titularidade privada cunha combinación de volumes elevados de contratación e cachês axustados, coa finalidade de proporcionarlles ás formacións musicais un mercado complementario do estival. A diferenza do modelo da Rede Galega de Teatros e Auditorios, na Rede Galega de Música ao Vivo estableceuse inicialmente un formato regrado, cun sistema de preselección dos grupos participantes e dous niveis de cachês preestablecidos. Porén, a partir do segundo exercicio o sistema de contratación asimilouse ao modelo de referencia do conxunto das redes da Axencia Galega das Industrias Culturais.

A posta en marcha da RGMV permitiu incrementar notablemente o volume de contratación de espectáculos musicais por parte das salas de titularidade privada, mellorar sensiblemente as condicións económicas do mercado e facilitar a posta en valor de numerosas propostas artísticas de novos creadores. Pero aínda que o balance global foi netamente positivo e a RGMV tivo unha acollida moi favorable polo conxunto dos axentes do sector, a experiencia do primeiro ano de funcionamento mostrou certos desaxustamentos no proceso de selección dos grupos e configuración da programación. Durante o exercicio 2008 e 2009 introducíronse algunhas modificacións plasmadas en elementos como a redución do volume de actuacións, a mellora das condicións económicas de cada bolo ou unha maior atención ás accións de comunicación. Os datos de 2008 mostran un incremento do 20% nos niveis de asistencia de público.

**Cadro 14. Programación da Rede Galega de Música ao Vivo**

	2007	2008	2009
Salas	48	47	42
Grupos	75	112	127
Concertos	834	632	714
Orzamento	380.720,00	368.606,66	422.474,66
Funcións por grupo	11,12	5,64	5,62
Orzamento por grupo	5.076,26	3.291,13	3.326,57
Orzamento por bolo	456,50	583,24	591,70

**Cadro 15. Programación de maxia da Rede Galega de Música ao Vivo**

	2008
Salas	21
Grupos	18
Concertos	84
Orzamento	60.982,00
Funcións por grupo	4,67
Orzamento por grupo	3.387,89
Orzamento por bolo	725,98

**Cadro 16. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGMV**

2007	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	out.	nov.	dec.
Funcións	89	139	125	108	89	78	117	53
Espectadores	4.762	6.642	6.039	4.865	4.146	3.208	5.009	2.371
Ocupación	27,20%	22,24%	27,90%	25,86%	26,37%	36,31%	34,98%	36,86%
Facturación	11.110,00	16.341,50	15.207,00	13.447,50	9.162,00	8.708,00	13.392,00	6.813,00
Esp./función	53,51	47,78	48,31	45,05	46,58	41,13	42,81	44,74
Fact./función	124,83	117,56	121,66	124,51	102,94	111,64	114,46	128,55

**Datos mensuais**

2008	xan.	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	set.	out.	nov.	dec.
Funcións	61	72	86	81	79	46	35	80	53	34
Espectadores	3.638	3.359	4.562	3.702	4.107	1.895	1.864	3.535	2.494	1.594
Ocupación	42,75%	33,74%	40,76%	37,26%	36,33%	36,24%	38,09%	35,14%	41,50%	40,86%
Facturación	11.444,00	9.943,50	13.157,00	11.584,50	12.312,00	5.005,00	5.619,00	10.426,50	6.936,00	4.368,00
Esp./función	59,64	46,65	53,05	45,70	51,99	41,20	53,26	44,19	47,06	46,88
Fact./función	187,61	138,10	152,99	143,02	155,85	108,80	160,54	130,33	130,87	128,47

**Datos acumulados**

2008	xan.	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	set.	out.	nov.	dec.
Funcións	61	133	219	300	379	425	460	540	593	627
Espectadores	3.638	6.997	11.559	15.261	19.368	21.263	23.127	26.662	29.156	30.750
Ocupación	42,75%	37,29%	39,20%	38,41%	38,01%	37,10%	37,31%	36,69%	36,73%	36,85%
Facturación	11.444,00	21.387,50	34.544,50	46.129,00	58.441,00	63.446,00	69.065,00	79.491,50	86.427,50	90.795,50
Esp./función	59,64	52,61	52,78	50,87	51,10	50,03	50,28	49,37	49,17	49,04
Fact./función	187,61	160,81	157,74	153,76	154,20	149,28	150,14	147,21	145,75	144,81

## 1.3. Promoción

### 1.3.1. Artes escénicas

O ano 2008 foi o período de consolidación das publicacións propias da AGADIC como principal medio de comunicación das súas programacións. Así, no tocante ás artes escénicas, as dúas novas entregas da revista *Paraíso* chegaron á súa cita co público dos teatros, salas e auditorios galegos nos meses de xaneiro e setembro. A idea de combinar a difusión do calendario de programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas con reportaxes e información sobre os seus protagonistas a través dun moi coidado deseño de imaxe conseguiu, dunha banda, lectores fieis para a tiraxe de 9.000 exemplares distribuída, e doutra, unha contribución palpable á difusión xeral do feito escénico galego.

A disposición en versión electrónica da revista desde as páxinas web xestionadas pola AGADIC, a súa remisión postal a destinatarios individuais e colectivos de interese, así como a súa presenza en destacadas citas profesionais do sector dentro e fóra de Galicia: Feira Galega das Artes Escénicas, Cultur.gal, Fira de Tárrega, Mercartes de Sevilla..., completaron o ciclo de distribución da publicación.

No cometido de darlle a coñecer ao gran público a actividade das redes escénicas da AGADIC incidiu tamén a web [www.culturavai.info](http://www.culturavai.info), que se mantivo durante todo o ano como a axenda de consulta actualizada por excelencia de toda a carteleira, ao tempo que proporcionaba datos e imaxes tanto das compañías artísticas e os espectáculos coma dos espazos participantes.

O traballo da AGADIC canto á promoción xeral das artes escénicas pasa obrigatoriamente en 2008 por dous feitos de importancia que tiveron unha grande repercusión social: a aprobación do Plan Galego das Artes Escénicas, en xuño, e a nova configuración da Feira Galega das Artes Escénicas, en outubro.

O proceso de comunicación emprendido con motivo do comezo da implantación do Plan Galego de Artes Escénicas (PGAE) incluíu a información detallada de todo o proceso de participación desenvolvido para a súa elaboración, a distribución postal do documento resultante a destinatarios específicos e mediante encartes en medios especializados –tanto galegos coma non galegos–, así como un gran evento de presentación final, celebrado no Salón Teatro, ao que concorreu a maior parte da escena galega. A comunicación dos valores e eixos primordiais do PGAE –que tivo unha identidade visual propia a través do seu logotipo específico e outros elementos de difusión– redundou na promoción das artes escénicas galegas en toda a súa extensión.

No tocante á Feira Galega das Artes Escénicas, a edición de 2008 –a primeira organizada pola AGADIC– conseguiu unha maior implicación social no evento, marcada por accións como a renovación da súa imaxe e da súa páxina web propia, a difusión masiva de material promocional, a colocación de bandeiro-las alusivas en lugares estratéxicos de Santiago de Compostela, a optimización do Auditorio de Galicia como nova sede operativa e da zona de mercado aberta ao público, ou mesmo o acceso gratuíto de espectadores a moitas das funcións programadas.

Todas as actividades e xestións da AGADIC tiveron o seu traslado aos cidadáns mediante a emisión dun total de 126 notas de prensa (a meirande parte delas acompañadas de documentos informativos) aos medios de comunicación, así como a través da organización de roldas informativas ou actos especiais cando a ocasión o requiriu (como foi o caso da sesión informativa organizada con motivo de dar a coñecer en Galicia o programa Iberescena).

A todo o anterior hai que engadir a carteleira de espectáculos que se mantivo semanalmente, ata o mes de setembro, ocupando a páxina da contraportada do suplemento *Fugas* do xornal *La Voz de Galicia* e outras insercións puntuais de anuncios e encartes nos medios de comunicación galegos.

### 1.3.2. Música

En 2008 deuse continuidade á política de comunicación posta en marcha en 2007 canto á actividade da Rede Galega de Música ao Vivo, no que se refire ao deseño e posta en práctica de medidas que cubrisen as necesidades de promoción non só dos concertos, senón tamén dos grupos e solistas inseridos neste proxecto.

Baixo esta premisa, e tendo en conta o antecedente do éxito de *Paraíso* como principal canle de información da RGTA, en marzo de 2008 apareceu o primeiro número dunha nova publicación destinada a publicitar a RGMV: a revista *Ao Vivo Música*. A través dun estilo directo e un deseño acorde co perfil de público afeccionado aos concertos máis usuais nesta Rede, a nova edición tivo unha excelente acollida, tanto na súa primeira entrega coma na segunda, realizada a primeiros de setembro coa novidade da introdución do calendario de programación grampado a xeito de páxinas centrais. A actividade da RGMV tamén estivo á disposición do público mediante a nova web [www.musicaovivo.info](http://www.musicaovivo.info), actualizada e estruturada de modo similar a [www.culturavai.info](http://www.culturavai.info).

A política de promoción da música galega no exterior seguiu a utilizar a marca Galician Tunes (comunicada tamén a través da web [www.galiciantunes.com](http://www.galiciantunes.com)), baixo a que os grupos musicais e empresas do país estiveron presentes nas principais citas profesionais do sector. Cómpre destacar neste apartado a participación no *Womex*, en Sevilla, por vez primeira desde un stand exclusivo e mediante a celebración da *Galician Focus Night*, unha serie de concertos a cargo de grupos galegos.

Unha excelente acollida marcou o nacemento da revista *Ao Vivo Música*, publicación destinada a dar a coñecer a actividade da Rede Galega de Música ao Vivo



## 2. Apoio á actividade escénica e musical

O Plan Anual de Actividades do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais para o exercicio 2008 establecía como obxectivo central das políticas do organismo a transformación da situación do sector escénico e musical na procura dun tecido empresarial forte, dun mercado laboral normalizado e dunha estrutura cultural produtiva dinámica, competitiva e innovadora, mediante unha estratexia non de maior proteccionismo público, senón de fortalecemento dos instrumentos de apoio ao sector, para posibilitar a súa capitalización e modernización. No plan anual establécense catro directrices básicas para acadar este obxectivo –estabilidade, mediante o incremento progresivo dos recursos financeiros de apoio ao sector; modernización, mellorando a xestión empresarial e os procesos de produción e distribución; articulación e potenciación do mercado e promoción exterior. As dúas primeiras quedan encadradas neste apartado de medidas de apoio á actividade escénica e musical.

No exercicio 2008 deuse continuidade á política de apoio á actividade escénica establecida no ano 2006, así como o compromiso de incremento progresivo das dotacións orzamentarias. Ademais, durante o exercicio aprobouse o Plan Galego das Artes Escénicas (PGAE), froito do debate e diálogo co conxunto dos axentes do sector. O PGAE definiu os obxectivos e estratexias para desenvolver entre 2008 e 2009 cara á promoción do sector. No caso das liñas de apoio á actividade escénica, contempladas no terceiro eixo de actuación, significou a formalización dos compromisos orzamentarios para ese período e o acordo sobre a posta en marcha durante o exercicio 2009 dun programa de apoio ás compañías residentes.

Na convocatoria de axudas ás industrias culturais as liñas de apoio á actividade escénica acadaron os 1.450.000 euros, superando os obxectivos establecidos no Plan Galego das Artes Escénicas e triplicando as dotacións económicas existentes no exercicio 2005. Con estes niveis de investimento, semella incuestionable o salto cualitativo nos niveis de apoio ao sector escénico producido durante a presente lexislatura e que rompe coa dinámica de moitos anos. Pero o máis relevante é o impacto que este incremento nas dotacións, xunto coas reformas implantadas nas redes e programacións escénicas, tivo sobre a situación das empresas de teatro, danza e maxia, cuxos ingresos creceron a taxas interanuais que oscilan entre o 13% e o 34%. No exercicio 2005 unicamente dúas compañías de teatro de actor superaban os 250.000 euros de ingresos anuais. Hoxe son 8 compañías as que superan esta cifra e os ingresos medios anuais das 10 compañías con maior nivel de ingresos sitúanse nos 345.000 euros. Isto demostra que o sector está a aproveitar o marco favorable que desde as administracións se está a promover e que o incremento nas axudas públicas non está a significar maior dependencia, senón que lles está permitindo ás empresas gañar en autonomía e competitividade.

## 2.1. Apoio á actividade escénica

### 2.1.1. Xestión das axudas á actividade escénica

A convocatoria de subvencións ao sector escénico e musical do exercicio 2008 deu continuidade ao marco de apoio ao sector establecido no ano 2006. En cumprimento do regulado no Plan Galego das Artes Escénicas, as partidas destinadas ao fomento da actividade escénica incrementáronse ata chegar aos 1.240.000 euros, dos que preto dun 80% se destinaron á actividade teatral. Integrouse na convocatoria ordinaria unha liña de axudas para investimentos produtivos das empresas do sector da maxia. Un total de 41 compañías de teatro e danza acolleuse ás axudas á actividade escénica, cun importe medio de 30.244 euros por beneficiario.

No último cuadrimestre do ano elaborouse a primeira convocatoria de subvencións ao sector escénico e musical da Axencia Galega de Industrias Culturais, que foi publicada no mes de xaneiro de 2009. Nesta convocatoria recolleuse por primeira vez unha liña de axuda destinada a financiar proxectos de compañías residentes, encamiñado a facilitar de forma progresiva a estabilidade das estruturas produtivas e a súa fixación a espazos escénicos.

A convocatoria do exercicio 2009 contou cun incremento nas dotacións das axudas á actividade escénica do 18%, pasando de 1.240.000 euros a 1.450.000. Este incremento, que superou os obxectivos establecidos para o exercicio 2009 no Plan Galego das Artes Escénicas, supuxo multiplicar por tres as dotacións orzamentarias existentes para axudas á produción no exercicio 2005.

Ademais, na convocatoria do exercicio 2009 introducíronse criterios de discriminación positiva de xénero na baremación dos proxectos escénicos obxecto de apoio pola Axencia Galega das Industrias Culturais.

**Cadro 17. Evolución global das axudas á produción/actividade escénica**

	2005	2006	2007	2008	2009	% 05/09
Orzamento total	460.677,00	785.000,00	993.458,68	1.240.000,00	1.450.000,00	214,75%
N.º proxectos	20	25	39	41	36 <sup>1</sup>	80,00%
Orzamento por proxecto	23.033,85	31.400,00	25.473,30	30.243,90	40.277,77 <sup>1</sup>	74,86%

(1) Previsións.

Cadro 18. Evolución por subsectores das axudas á produción/actividade escénica

	2005	2006	2007	2008	2009	% 05/09
<b>Teatro</b>						
Orzamento total	460.677,00	685.000,01	840.000,00	1.003.351,50	1.150.000,00	149,63%
N.º proxectos	20	20	26	28	25 <sup>1</sup>	25,00%
Orzamento por proxecto	23.033,85	34.250,00	32.307,69	35.833,98	46.000,00 <sup>1</sup>	99,71%
<b>Danza</b>						
Orzamento total	0	100.000,00	93.458,69	181.000,00	210.000,00 <sup>1</sup>	100,00%
N.º proxectos	0	5	6	8	8 <sup>1</sup>	100,00%
Orzamento por proxecto	0	20.000,00	15.576,45	22.625,00	26.250,00	100,00%
<b>Maxia</b>						
Orzamento total	0	0	60.000,00	55.553,27	90.000,00 <sup>1</sup>	100,00%
N.º proxectos	0	0	7	5	3 <sup>1</sup>	100,00%
Orzamento por proxecto	0	0	8.571,43	11.110,65	30.000,00 <sup>1</sup>	100,00%

(1) Previsións.

Cadro 19. Proxectos subvencionados na convocatoria 2008

A.1. Nova creación

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Voadora	<i>Periferia</i>	15.000,00	21.428,57
Uxía Vaello	<i>Play</i>	15.000,00	15.000,00
Pista Catro	<i>Anxos e días</i>	25.000,00	38.461,54
Teatro Ensalle	<i>105 pasos</i>	15.000,00	20.000,00
Nbekworks, S.L.	<i>Game over</i>	20.000,00	23.529,41
Alejandro Sampayo	<i>A pensión</i>	18.000,00	22.500,00
La Imagina Machina	<i>Love will tear us apart... again</i>	18.000,00	20.000,00
Total	7	126.000,00	160.919,52

[...]

Cumprindo o disposto no Plan Galego das Artes Escénicas, as partidas presupostarias destinadas ao fomento da actividade escénica incrementáronse ata os 1.240.000 euros no exercicio económico 2008

[...] Cadro 19

A.2. Teatro. Axudas anuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Sarabela Teatro	<i>Dame veneno</i>	76.500,00	120.995,42
Títeres Cachirulo	<i>Típico tónico</i>	39.000,00	53.496,41
Kukas Producións Artísticas	<i>7 contos capitais</i>	47.600,00	73.230,77
Teatro do Noroeste	<i>Extrarradios</i>	43.000,00	53.750,00
A Factoría Teatro	<i>Crónicas de días enteiros, de noites enteiras</i>	54.000,00	78.723,85
Matarile Teatro	<i>Animales artificiales</i>	78.000,00	131.894,49
Teatro de Ningures	<i>Bailadela da morte ditosa</i>	51.000,00	69.978,85
Talia Teatro	<i>E ti, quen ves sendo?</i>	48.000,00	60.000,00
Teatro do Morcego	<i>O club da calceta</i>	61.000,00	101.666,67
Artello Teatro alla Scala 1.5	<i>Polgariño</i>	27.494,36	45.823,94
Producións Excéntricas	<i>No comment</i>	45.000,00	72.544,66
Lagarta Lagarta	<i>Aeroplanos</i>	35.000,00	58.404,57
Encena Producións Artísticas	<i>Dr. Jekyll e Mister Hyde</i>	30.000,00	52.959,67
Teatro Galileo	<i>Náufragos</i>	30.000,00	50.000,00
Viravolta Títeres	<i>A caixa de música</i>	15.000,00	20.117,57
Total	15	680.594,36	1.043.586,87

A.2. Teatro. Axudas bianuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Teatro do Atlántico	<i>A bombilla máxica</i>	38.479,60	38.479,60
Volta e Dalle Teatro	<i>Pan</i>	25.000,00	25.000,00
Teatro Buratini	<i>Mensaxe nunha botella</i>	27.900,94	27.900,94
Berrobambán Teatro	<i>Boas Noites</i>	40.120,50	40.120,50
Os Quinquilláns	<i>O mago de Oz</i>	25.000,00	25.000,00
Bengala Producións	<i>Historia do soldado</i>	25.000,00	25.000,00
Ancora Producións	<i>Medidas preventivas</i>	30.301,10	30.301,10
Total	7	211.802,14	211.802,14

A.3. Danza. Axudas anuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Ballet Studio	<i>Sono silente</i>	31.000,00	32.631,58
Druida	<i>Abc Danza</i>	42.000,00	60.858,00
Nova Galega de Danza	<i>Tradicción</i>	18.000,00	32.572,02
Entremans	<i>¿Qué pasa aquí?</i>	21.000,00	22.105,26
Branca Novo Rey	<i>Nexus 6</i>	18.000,00	18.985,92
Total	5	130.000,00	167.152,78

[... ] Cadro 19

A.3. Danza. Axudas bianuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Marco González	<i>Cuentos del sur</i>	18.000,00	18.000,00
Mercé de Rande	<i>Zocas</i>	18.000,00	18.000,00
Total	2	36.000,00	36.000,00

[...]

A.4. Maxia. Axudas a investimentos

Compañía	Subvención	Investimento total
Creacións Máxicas	20.000,00	59.259,76
Ilusións Máxicas	6.443,09	16.107,73
Pedro Volta	16.559,86	35.999,70
Romarís	6.000,00	12.000,00
Martín Camiña	6.550,32	14.556,27
Total	55.553,27	137.923,46

No último exercicio destaca a evolución do teatro de actor, no que os ingresos medios das dez maiores empresas se situaron nos 345.000 euros anuais, oito delas superando os 250.000 euros

2.1.2. *Evolución da actividade do sector*

A potenciación dos instrumentos de apoio financeiro, xunto cos efectos da reforma das redes e programacións promovidas polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, tiveron unha repercusión clara sobre a evolución do sector. Durante estes tres anos os ingresos de explotación das empresas galegas de artes escénicas están a crecer a ritmos de entre o 13% e o 34% anual. Como consecuencia, o número de compañías teatrais que facturan máis de 100.000 euros anuais pasou de 8 no ano 2005 a 26 en 2008. En case que a totalidade das disciplinas artísticas os niveis de ingresos anuais se teñen duplicado neste período de tres anos. No último exercicio hai que destacar a evolución do sector do teatro de actor, no que os ingresos medios das dez maiores empresas se situaron nos 345.000 euros anuais e ata 8 compañías superaron os 250.000 euros anuais, e a evolución do sector da danza.

Durante estes tres anos os ingresos de explotación das empresas galegas de artes escénicas están a crecer a ritmos de entre o 13% e o 34% anual. O número de compañías teatrais que facturan máis de 100.000 euros anuais pasou de 8 no ano 2005 a 26 en 2008

Cadro 20. Evolución económica das empresas do sector

	2005	2006	2007	2008	% interanual
<b>Teatro de actor<sup>1</sup></b>					
Media dos ingresos brutos anuais	165.750,22	201.403,82	226.065,10	345.227,61	20,13%
N.º empresas con facturación superior a 100.000 euros	8	9	17	21	
N.º empresas con facturación superior a 250.000 euros	2	2	3	8	
<b>Teatro de monicreques<sup>2</sup></b>					
Media dos ingresos brutos anuais	71.023,52	88.798,02	127.155,04	145.176,29	19,57%
N.º empresas con facturación superior a 100.000 euros	0	2	4	5	
<b>Danza<sup>2</sup></b>					
Media dos ingresos brutos anuais	69.954,35	77.690,45	107.376,82	227.896,88	34,35%
N.º empresas con facturación superior a 100.000 euros	1	1	2	4	
<b>Maxia<sup>2</sup></b>					
Media dos ingresos brutos anuais	86.052,21	101.960,66	134.307,27	140.429,98	13,02%
N.º empresas con facturación superior a 100.000 euros	2	2	2	2	

(1) datos das 10 empresas con maiores ingresos brutos anuais.

(2) datos das 5 empresas con maiores ingresos brutos anuais.

A través das axudas directas á actividade musical subvencionáronse cinco proxectos de promoción e difusión, cun orzamento total de máis de 68.000 euros

## 2.2. Apoio á actividade musical

Durante a actual etapa de goberno, o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais e a Axencia Galega das Industrias Culturais dedicaron especial atención á posta en marcha de políticas de apoio á industria musical galega. No exercicio 2007 abriuse por primeira vez unha liña de axudas directas destinadas a promover a actividade das empresas discográficas. Tras a análise das necesidades do sector e o diálogo cos principais axentes, as axudas dirixíronse á promoción e difusión de traballos discográficos e destináronse ás empresas de produción e distribución. Desta forma identificáronse a penetración no mercado e o fortalecemento do tecido industrial como áreas clave para o desenvolvemento do sector. No exercicio 2008 subvencionáronse cinco proxectos de promoción e difusión, cun orzamento total de máis de 68.000 euros.

**Cadro 21. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2008**

Empresa	Formación	Subvención
Falcatruada	Budiño	15.000,00
Zouma Producións	Mutenrohi	15.000,00
Goidel Producións Musicais	Deluxe	15.000,00
La Fábrica de Chocolate	Faltriqueira	12.155,17
Pai Edicións	Lamatumbá	11.440,00
Total		68.595,17

## 2.3. Desenvolvemento empresarial

Programa de asistencia financeira, mediante a habilitación dunha liña de financiamento bancaria, coa subsidiación dos xuros dos préstamos, destinada ao financiamento a curto e medio prazo das empresas.

En 2008 acolléronse a este programa tres empresas, por un importe total de 4.789,53 euros, a través da convocatoria de axudas e subvencións. A novidade da medida e o elevado incremento dos tipos de xuro a partir do segundo cuatrimestre do ano impediron que o programa tivera unha maior repercusión.

**Cadro 22. Axudas Crédito Cultura**

Empresa	Importe do crédito	Subvención
Bengala Producións, S.L.	40.000,00	1.100,00
Abada Xestión Cultural, S.L.	50.000,00	1.400,00
Escola De Estudios Musicais A Tempo, S.L.	70.000,00	2.289,53
Total	160.000,00	4.789,53



## 2.4. Plan de formación

Co programa de actividades formativas desenvolvidas en 2008 continouse unha liña de traballo iniciada en 2007 orientada a potenciar a formación permanente dos profesionais das artes escénicas tanto desde o punto de vista artístico coma técnico, tratando de incidir en todos os sectores que se ocupan do feito teatral. O programa desenvolvido ao longo de 2008, coordinado pola Escola Superior de Arte Dramática, centrouse en tres áreas de traballo fundamentais: formación técnica, formación para a xestión e formación para a creación, nun total de oito cursos realizados, con 114 alumnos inscritos e unha carga lectiva de 175 horas.

Por outra banda, e para atender á necesidade de formación en temas de xestión, produción e comercialización de espectáculos escénicos, a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Fundación Autor/SGAE convocaron en 2008 o curso “Produción, xestión e distribución de espectáculos”, cuxo obxectivo foi dotar de instrumentos prácticos e recursos teóricos aos profesionais da escena para desenvolver os seus proxectos escénicos.

Formación técnica, creación e formación en temas de xestión foron as tres áreas de traballo fundamentais nas que o plan de formación desenvolvido en 2008 centrou o seu interese

### Cadro 23. Plan de formación 2008

Dirección e xestión de espazos escénicos	O actor no espazo
Docente: José Manuel Garrido	Docente: José Luis Raymond
Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática	Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática
Salón Teatro, Santiago de Compostela, do 27 ao 31 de outubro. 20 horas	ESAD, Vigo, do 30 de xuño ao 4 de xullo. 20 horas
12 alumnos	15 alumnos
<hr/>	
<b>Iluminación</b>	<b>Teatro/Danza</b>
Docente: Miguel Ángel Camacho	Docentes: Coral Troncoso e Nicolás Rambaud
Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática	Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática
ESAD, Vigo, do 8 ao 10 de setembro. 15 horas	Centro Coreográfico Galego, A Coruña, do 7 ao 11 de xullo. 20 horas
20 alumnos	10 alumnos
<hr/>	
<b>Expresión oral</b>	<b>Corpo creativo, do laboratorio á escena</b>
Docentes: Nuria Montero e Cristina Domínguez	Docentes: Andreu Raich e Elisenda Renom
Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática	Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática
Arteria Noroeste-SGAE, Santiago de Compostela, do 22 de setembro ao 15 de decembro. 30 horas	Arteria Noroeste-SGAE, Santiago de Compostela, do 17 de setembro ao 3 de decembro. 30 horas
14 alumnos	19 alumnos
<hr/>	
<b>Taller de Interpretación, da análise á acción</b>	<b>Produción, xestión e distribución de espectáculos</b>
Docente: Iaroslav Bielski	Director: Robert Muro
Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática	Coordinación: SGAE/ARteria Noroeste
Arteria Noroeste-SGAE, Santiago de Compostela, do 24 ao 28 de novembro. 20 horas	Arteria Noroeste-SGAE, Santiago de Compostela, do 22 de setembro ao 15 de decembro. 96 horas
13 alumnos	33 alumnos
<hr/>	
<b>Da acción física ao entramento</b>	
Docente: Julián Herrero Muñoz	
Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática	
FITO, Ourense, do 31 de outubro ao 2 de novembro. 20 horas	
11 alumnos	

Súmanse a estas accións formativas as iniciativas de formación especializada propias do Centro Dramático Galego e máis do Centro Coreográfico Galego, así como as axudas que a AGADIC, a través da convocatoria anual de subvencións, mantén aberta para a formación especializada fóra da comunidade autónoma galega para persoas vinculadas á creación, produción, distribución e exhibición de espectáculos de teatro, danza e música, así como estancias en empresas de réxime de prácticas profesionais. En 2008, ao abeiro desta convocatoria, subvencionáronse sete proxectos formativos cun investimento total de 20.893,74 euros.

Ao abeiro da convocatoria anual de subvencións á formación especializada, subvencionáronse sete proxectos formativos cun investimento total de 20.893,74 euros

**Cadro 24. Axudas á formación**

Beneficiario/a	Subvención	Cidade	Ámbito
Merce Pérez Pérez	3.750,00	Nova York	Danza
Muriel Sánchez Sánchez	4.250,00	Venecia	Teatro
Pablo Reboleiro Rama	1.850,00	París	Circo
Mª Ángeles Bañobre González	4.750,00	Londres	Teatro
Isabel Martínez Risco Valdivieso	4.750,00	Londres	Teatro
Estefanía Vázquez Seoane	497,74	Madrid	Danza
Uxía Pereiro Vaello	1.046,00	Porto	Danza
Total	20.893,74		

## 2.5. Fomento do asociacionismo profesional

No exercicio 2008 financiáronse, a través da convocatoria de subvencións á actividade asociativa de carácter profesional no ámbito das artes escénicas e musicais, seis proxectos de actividades por un importe de 110.000 euros, cun incremento do 22% con respecto ao exercicio 2007. O incremento nas dotacións orzamentarias permitiu aumentar a dotación media por proxecto subvencionado ata os 18.000 euros.

Cadro 25. Evolución das axudas ao asociacionismo profesional

	2006	2007	2008	% 06/08
N.º solicitudes	8	18	13	62,50%
N.º proxectos aprobados	6	8	6	0,00%
% proxectos aprobados	75%	44,44%	46,15%	-38,47%
Orzamento	84.000	90.000	110.000	30,95%
Orzamento por proxecto	14.000	11.250	18.333,33	30,95%

Cadro 26. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2008

Entidade	Subvención
Asociación de Actores e Actrices de Galicia	34.000
Asociación de Compañías Profesionais de Teatro	15.500
Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo	15.500
Asociación Galega de Produtoras Fonográficas	15.500
Asociación Galega de Empresas Musicais	14.750
Asociación Galega de Aluguer e Servizos Especializados	14.750

No ámbito do asociacionismo profesional, a dotación media por proxecto subvencionado ascende ata os 18.000 euros

## 2.6. Apoio á creación

En 2008 incrementouse ata un total de 24.000 euros a contía asignada ao apoio á creación a través dos premios á escrita dramática convocados pola AGADIC, unificando a dotación económica de todas as modalidades en 6.000 euros.

Na convocatoria de 2008, á que concorreron un total de 56 textos, outorgáronse o XVII Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, o III premio Manuel María de literatura dramática infantil e o VI premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques na modalidade infantil, que recaeron nas obras *Sempre quixen bailar un tango* e *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa (premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María respectivamente) e *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz (premio Barriga Verde, infantil). A modalidade de adultos no Barriga Verde quedou deserta.

A concesión, dada a coñecer coñecer o 13 de outubro no marco da inauguración da Feira Galega das Artes Escénicas, implica adicionalmente a edición dos textos dentro das coleccións dramáticas que mantén abertas a AGADIC en réxime de coedición con distintas editoriais galegas.

Por outra parte, para apoiar a representación dos textos galardoados estableceuse unha prima na baremación e no cálculo do importe da axuda económica na convocatoria de axudas e subvencións á actividade escénica para aquelas compañías que presenten para a súa produción textos premiados pola AGADIC non estreados con anterioridade.

Cincuenta e seis textos concorreron aos premios de escrita dramática convocados pola AGADIC, que neste ano elevou ata 24.000 euros a súa contía

## Cadro 27. Premios á escrita dramática 2008

### XVII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais

Textos presentados: 30

Texto premiado: *Sempre quixen bailar un tango*

Autora: Teresa González Costa

Contía: 6.000 euros

Edición: Publicación da obra premiada na colección Biblioteca Dramática Galega, coedición AGADIC-Xerais

### III Premio Manuel María de literatura dramática infantil

Textos presentados: 10

Texto premiado: *Pingueiras e tarteiras*

Autora: Teresa González Costa

Contía: 6.000 euros

Edición: Publicación da obra premiada na colección Biblioteca Dramática Galega, coedición AGADIC-Xerais

### VI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques

#### Modalidade infantil

Textos presentados: 13

Texto premiado: *O punto da escarola*

Autor: Xosé A. Neira Cruz

Contía: 6.000 euros

Edición: Publicación da obra premiada na colección Barriga Verde, coedición AGADIC-Baía Edicións

### VI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques

#### Modalidade adulto

Textos presentados: 3

Texto premiado: deserto

Contía do premio: 6.000 euros

Publicación da obra premiada na colección Barriga Verde

#### Xurado edición 2008

Laura Tato, presidenta

Emilio Xosé Insua, vogal

Roberto Salgueiro, vogal

Marica Campo, vogal

Carlos Ignacio Labraña, vogal

Andrea Bayer, vogal

Marcelina Calvo, secretaria

A penetración nos mercados exteriores é un condicionante para garantir a viabilidade das empresas de artes escénicas e musicais como unidades económicas e de creación, de aí a atención que as políticas de fomento levadas a cabo nestes últimos anos dedicaron á promoción exterior



### 3. Promoción exterior

A promoción exterior é unha compoñente básica das políticas de fomento das artes escénicas e musicais. A presenza exterior da cultura galega é fundamental para a súa afirmación como cultura diferenciada, contribúe á posta en valor da produción cultural e é mostra dunha aposta por xogar un papel na xeración de contidos, fronte as políticas pasivas de fomento do consumo. Pero ademais, desde a perspectiva da industria cultural, das empresas do sector das artes escénicas e da música, a penetración nos mercados exteriores é un condicionante para garantir a viabilidade como unidades económicas e de creación. Na realidade actual, de multiplicación do intercambio e de globalización, cada vez é máis difícil establecer proxectos de futuro de costas aos mercados e ás correntes de contidos que veñen do exterior.

No caso da música, a crise do modelo tradicional de distribución e a aparición da internet como soporte de intercambio, comunicación e información, supón unha unificación dos mercados, de forma que a proximidade entre creador e consumidor deixa de xogar un papel determinante para as empresas. A eliminación das barreiras de entrada supón unha ameaza, en canto que multiplica a competencia no mercado interior, pero da mesma forma supón unha grande oportunidade, en canto que facilita a posibilidade de chegar ao público en calquera lugar do mundo.


No caso das artes escénicas, a penetración nos mercados exteriores é un requisito imprescindible para o crecemento das unidades de produción e creación, porque a partir dun determinado nivel o mercado interior non ten capacidade, nin real nin potencial, para rendibilizar os investimentos realizados. A proxección exterior da produción escénica galega ten como obxectivo preferente, por razón da lingua e dos custos asociados á prestación do servizo, os circuítos teatrais do resto do Estado e de Portugal. O nivel de distribución nos mercados peninsulares ten un elevado potencial de crecemento, ata alcanzar un certo equilibrio entre mercados interiores e exteriores. Porén, a fragmentación do mercado teatral, a situación xeral de sobreoferta, a opacidade das canles de distribución e falta de vocación exterior dalgunhas empresas son factores que dificultan a ampliación da presenza exterior da produción escénica galega. Por este motivo, resultará necesario potenciar nos próximos anos os incentivos e os servizos de apoio á distribución exterior.

### 3.1. Axudas á distribución exterior no ámbito das artes escénicas

Desde o ano 2006 as axudas á distribución do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, primeiro, e da Axencia Galega das Industrias Culturais, despois, están orientadas ao apoio á distribución exterior da produción escénica galega, en tanto que a promoción do mercado interior realízase por medio da Rede Galega de Teatros e Auditorios e a Rede Galega de Salas. A filosofía das axudas á distribución é garantir que as compañías galegas poidan actuar fóra de Galicia nas mesmas condicións económicas en que o farían aquí. Para iso, cóbrese a totalidade dos gastos de transporte, desprazamento e aloxamento ata un importe equivalente á contía da contraprestación económica que se percibirá pola actuación ou actuacións. As axudas á distribución teñen carácter automático e a convocatoria está aberta con carácter permanente (desde xaneiro a outubro) para facilitar a xestión das compañías.

No ano 2006 beneficiouse das axudas á distribución un total de 20 compañías, para realizar 104 funcións, case na súa totalidade en España. No último ano foron 30 compañías as beneficiarias e o número de funcións ascendeu ata as 284, ás que habería que sumar outras 33 realizadas ao amparo das axudas á contratación na Feira Galega das Artes Escénicas que non solicitaron axudas á distribución exterior. Isto supón que no prazo de dous anos a presenza exterior da produción escénica galega triplicouse. Se en 2006 a distribución exterior supoñía un volume do 15% con respecto á distribución na RGTA e en 2007 un 22%, no exercicio 2008 esta porcentaxe subiu ata o 41%.

Gráfico 11. Distribución exterior por áreas xeográficas\*



(\*) Non coincide o número total de funcións realizadas no exterior co total de funcións subvencionadas por medio das axudas á distribución dado que algúns dos beneficiarios de axudas por contratación na Feira Galega das Artes Escénicas non solicitaron as correspondentes axudas á distribución.

Cadro 28. Evolución global das axudas á distribución no ámbito da actividade escénica

	2006	2007	2008	% 06/08	Feira 08	Feira 07
Orzamento total	81.023,85	75.783,45	201.313,00	148,46%	252.544,87	113.681,00
N.º proxectos	26	37	76	192,31%	21	11
N.º compañías	20	17	30	50,00%	18	7
N.º funcións en España	100	124	201	103,00%	129	69
N.º funcións no estranxeiro	4	39	83	2.275,00%	14	3
Total funcións	104	163	284	185,58%	143	72

En dous anos, a presenza exterior da produción  
escénica galega triplicouse

A posta en marcha da liña de bonificacións á contratación exterior na XVI edición da Feira Galega das Artes Escénicas contribuíu a ampliar significativamente o número de compañías con distribución exterior. O volume de contratación na XVII edición da Feira, que duplicou o da edición anterior, parece garantir que os elevados ritmos de crecemento da penetración nos mercados exteriores van continuar durante o exercicio 2009.

#### Cadro 29. Compañías subvencionadas

	Proxectos	Funcións	Importe
Acontrabutaca Producións, S.L.	2	21	11.047,58
Berrobambán, S.L.	1	1	1.070,00
Cabo Sam Lourenzo Misións Espectaculares S.L.	1	8	5.742,00
Carlos Álvarez Osorio Ramos	2	9	8.750,00
Culturactiva S.C.G.	6	14	5.453,12
Encena Producións Artísticas, S.L.	1	1	2.600,00
Estefanía Vázquez Seoane	4	8	6.160,80
Galitoo Csa 2005 S.L.	11	15	10.479,26
Gonzalo Guerreiro	1	1	1.960,00
labadabadu Festicultores, S.L.	2	3	4.127,21
Jorge Rey Rivas	1	5	7.000,00
Katarsis, educación y teatro, S.L.	1	9	1.590,60
Lázaro Duyos Jordán	1	3	1.600,00
Matarile Teatro	5	12	35.300,00
Druida Danza	1	1	3.930,00
Ningures Producións, S.L.	1	1	1.840,00
Nut Teatro S.L.	2	5	6.200,00
Os Quinquilláns	1	1	1.304,69
Pisando Ovos, S.C.	3	9	7.300,00
Sarabela, S.L.	1	1	2.630,00
Tanxarina S.L.	2	21	9.590,00
Teatro Alla Scala 1.5. S.L.	5	9	5.773,36
Teatro D2	3	5	1.796,00
Teatro del Andamio S.L.	5	33	9.715,00
Teatro do Noroeste, S.L.	2	8	8.000,00
Teatro Ensalle, S.L.L.	3	24	10.958,09
Tirititempo S.L.N.E.	1	3	245,50
Títeres Cachirulo, S.L.	3	12	7.450,00
Trompicallo S.C.	3	38	20.700,00
Victoriano Cajaraville Brocos (mago Vituco)	1	3	1.000,00
Total	76	284	201.313,00
Exercicio 2007	37	163	75.783,45

### 3.2. Axudas á distribución exterior no ámbito da música

Un dos sinais de identidade das políticas desenvolvidas pola Consellería de Cultura e Deporte ao longo destes últimos dous anos é o forte impulso á promoción exterior da cultura galega. No ámbito da música, este labor de promoción exterior plasmouse durante o exercicio 2008 na presenza institucional nas principais feiras e mercados discográficos. A presenza institucional complementouse coas liñas de apoio á promoción exterior das empresas. No exercicio 2008 a liña de axudas económicas a empresas discográficas para a asistencia a feiras e mercados discográficos foi ampliada cun programa de axudas para a distribución exterior de espectáculos musicais.

**Cadro 30. Evolución global das axudas á asistencia a feiras e mercados no ámbito da música**

	2006	2007	2008	% 06/08
Orzamento total	6.726,83	22.795,12	11.296,39	67,95%
N.º proxectos	4	24	8	100,00%
N.º empresas	3	12	4	33,33%
N.º feiras	2	8	5	150,00%

**Cadro 31. Evolución global das axudas á distribución de espectáculos no ámbito da música**

	2008
Orzamento total	110.087,80
N.º proxectos	22
N.º formacións	12
N.º de actuacións	41

**Cadro 32. Axudas á asistencia a feiras e mercados no ámbito da música**

	Feiras	Importe
Falcatruada Imaxe e Música S.L.L.	1	1.025,10
Nonsi Servizos Culturais, S.L.	1	276,00
Nordesía Producións S.L.	5	8.551,33
Zouma Producciones S.L.	1	1.443,96

A liña de axudas a empresas discográficas para asistir a feiras e mercados ampliouse cun programa de axudas para a distribución exterior de espectáculos musicais cun orzamento de 110.088 euros

## 4. Medidas de apoio

### 4.1. Comunicación social

#### 4.1.1. De <http://igaem.xunta.es> a [www.agadic.info](http://www.agadic.info)

A entrada en funcionamento da AGADIC tivo a súa inmediata repercusión na páxina web oficial, que mudou o seu enderezo de acceso e se actualizou en función da nova estrutura e cometidos da entidade. A partir do mes de xullo quedou incorporada a [www.agadic.info](http://www.agadic.info) a nova identidade corporativa, da que se proporcionou un completo manual de uso e un enderezo electrónico específico onde os usuarios puideron solucionar de xeito directo e conciso as eventuais dúbidas de aplicación. Outros datos, como o organigrama, marco legal ou funcións e obxectivos da AGADIC tamén estiveron accesibles a partir dese momento, en tanto que os principais grandes apartados da web (novas, avisos, documentos e carteleira) foron renovándose día a día como principal e máis rápido foco de emisión da actividade da Axencia.

A principal novidade da portada da web presentouna a sección de carteleira, ao quedar configurado automaticamente o calendario de espectáculos a partir do buscador asociado a [www.culturavai.info](http://www.culturavai.info) e [musicaaovivo.info](http://musicaaovivo.info), as dúas webs de información da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas e Rede Galega de Música ao Vivo, ás que se foron sumando as funcións específicas do Salón Teatro, Centro Dramático Galego e Centro Coreográfico Galego. Tamén queda incorporada á portada a imaxe da nova publicación periódica *Ao Vivo Música*, nas mesmas condicións nas que xa antes figuraba *Paraíso*, así como o submenú titulado Perfil do contratante, este último en cumprimento da lexislación vixente sobre contratación pública. A web serviu ademais para contribuír á promoción de celebracións paralelas á actividade da AGADIC por medio da inclusión de *banners* relativos a eventos como Espazos sonoros, Cultur.gal, Mar por medio, etc. Tamén funcionou como unha canle engadida ao proceso de participación no Plan Galego de Artes Escénicas e como plataforma de acceso á aplicación informática, a través da que se xestionaron ás axudas ao sector escénico e musical en 2008.

No tocante ao número de visitas mensuais, [www.agadic.info](http://www.agadic.info) pechou decembro de 2008 con 2.726 visitantes diferentes, que realizaron 4.696 visitas a 16.775 páxinas en 148.665 accesos. Cifras similares ás de decembro foron as que se rexistraron durante todo o ano.

A web seguiu mantendo a posibilidade de acceder, a través dun sistema de pestanas, ás páxinas das principais programacións da AGADIC: Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas, Rede Galega de Música ao Vivo e Feira Galega das Artes Escénicas; así como ás das súas unidades de produción adscritas: Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego e Escola de Altos Estudos Musicais. Trátase dunha posibilidade engadida de acceso aos dominios [feiradasartesescenicas.com](http://feiradasartesescenicas.com), [www.centrocoreografico.org](http://www.centrocoreografico.org) e [www.centrodramatico.org](http://www.centrodramatico.org), independentes desde 2007; e de [www.culturavai.info](http://www.culturavai.info) e [www.musicaovivo.info](http://www.musicaovivo.info), operativos desde 2008.

Asociado á web e cunha periodicidade semanal, funcionou o sistema de newsletters con destino ao sector escénico.

■ ■ ■ *feiradasartesescenicas.com*. A web da Feira Galega das Artes Escénicas experimentou en 2008 un profundo cambio de aparencia, en consoancia coa tamén renovada imaxe gráfica do evento, que se celebrou en Santiago do 13 ao 17 de outubro. Ao tempo, a páxina avanzou na súa optimización canto a servir como canle en liña para a maioría dos trámites de organización requiridos: preinscrición e inscrición de profesionais, aluguer de *stands*, relación coas compañías participantes, etc. A web mantivo tamén as fichas detalladas das compañías e espectáculos participantes, programación paralela e espazos de exhibición, así como unha zona de prensa con novas, convocatorias para os medios de comunicación, recursos gráficos e información sobre edicións anteriores.

■ ■ ■ *centrodramatico.org*. O Centro Dramático Galego introduciu en 2008 distintos axustamentos na súa web, sempre baixo a premisa de favorecer a súa relación co público. Destacan entre estas melloras a posibilidade de efectuar a compra de localidades das funcións do Salón Teatro e do CDG a partir da propia web, así como unha visión máis directa ás noticias e avisos xerados pola compañía. Ademais, o CDG puxo en marcha no mes de decembro a web [damaturxiasdaactualidade.org](http://damaturxiasdaactualidade.org), unha plataforma específica para acadar a máxima difusión das obras escritas polos autores actuais de teatro galego, asociada ao Centro de Creación Dramática Contemporánea. A *interface* proporciona acceso libre e gratuito aos textos completos –debidamente autorizados polos autores– en formato pdf.

A web da Feira Galega das Artes Escénicas experimentou un profundo cambio de aparencia, en consonancia coa tamén renovada imaxe gráfica do evento

■ [centrocoreografico.org](http://centrocoreografico.org). O Centro Coreográfico Galego mantivo á disposición do público o seu propio espazo na internet que abriu en 2007 mediante a actualización continua de novas e información sobre actividades formativas, publicacións e traballos escénicos de produción, coprodución e residencias artísticas.

■ [culturavai.info](http://culturavai.info) e [musicaovivo.info](http://musicaovivo.info). Estes son os dous sitios web de posta a disposición do público do calendario de actividades escénicas e musicais dos tres circuitos de distribución de espectáculos que promove a AGADIC: Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas e Rede Galega de Música ao Vivo. A súa orixe está na recompilación de información levada a cabo desde a intranet [galescena.info](http://galescena.info), que evolucionou durante 2008 ata amosar unha versión externa práctica para os espectadores e que, no caso de [culturavai.info](http://culturavai.info), se completou dando cabida a todas as programacións culturais emprendidas pola Consellería de Cultura e Deporte, desde o que –ademais de permitir a visualización e baixada de todos os números editados do boletín *e\_scena* e a revista *Paraíso*– se pode acceder (en formato pdf) a estudos e investigacións promovidos polo organismo, así como a outros documentos relacionados coas artes escénicas e musicais.

#### 4.1.2. *e\_scena*

A AGADIC editou en 2008 once novos números (do 20 ao 30) de *e\_scena*, boletín mensual de distribución electrónica, que quedou consolidado como o medio corporativo de información sobre as principais actividades desenvolvidas ou relacionadas coa entidade e destinadas preferentemente ao sector profesional. Cunha media de 12 páxinas por número, os seus contidos seguiron estruturándose nas seccións Reportaxe de portada, Novas (AGADIC, CDG, CCG, Escola de Altos Estudos Musicais), Novidades editoriais, Axenda, Alerta! e E-scena en cifras, onde se recolle o Rexistro de datos (CDG, CCG, Salón Teatro, Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas, Rede Galega de Música ao Vivo).

Durante 2008 foron un total de 1.319 os subscritores de *e\_scena*, aos que se lles enviou mensualmente (agás en agosto) unha mensaxe de correo electrónico coa ligazón ao boletín en pdf, ao tempo que queda incorporado a [www.agadic.info](http://www.agadic.info) para a descarga en liña. Dado que o número de descargas continuou a situarse en 2008 en torno ás 600 mensuais, pódese estimar un volume global de lectores superior aos 2.000.

En 2008 o boletín deu cumprida conta das principais novidades da actividade da AGADIC e das súas unidades de produción, serviu moitas veces para dar a primicia de distintas informacións aos medios de comunicación e avanzou na súa inactividade co lector ao introducir a posibilidade de navegación interna desde o sumario da portada e de enlace directo con todos os enderezos web citados en cada número.

## 4.2. Publicacións

### 4.2.1. Coleccións

O labor editorial da AGADIC céntrase na edición, en colaboración con diferentes editoriais galegas, dunha serie de publicacións sistematizadas en diferentes coleccións que atenden tanto a vertente creativa coma a de carácter máis educativa e didáctica.

En 2008 mantivéronse as principais coleccións de teatro (Biblioteca de Teatro, Biblioteca Dramática Galega, Barriga Verde, Escena aberta, Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor), danza (Bitácora) e música (Ars Gallaeciae Musicae). No eido musical, Ars Gallaecia Musicae forneceuse de títulos a través das dúas convocatorias públicas realizadas ao efecto durante 2008 para dar cabida, unha, a traballos de compositores actuais (serie Agra Nova) e a outra para acoller obras de música para bandas con destino á serie Ávrego. En ambos os casos contouse coa colaboración da Federación de Bandas de Música Populares, que puxo a disposición deste cometido os seus instrumentos de difusión.

En novembro de 2008 sae a rúa o primeiro volume da colección de  
cadernos de partituras de música tradicional Pel e Madeira,  
cun grande éxito de vendas

Tamén en 2008 se deu inicio a unha nova colección de música, Pel e Madeira, unha coedición entre AGADIC e a editora Dos Acordes concibida como un fondo documental que compila o repertorio máis común entre os gaiteros coa finalidade de producir material que incentive o desenvolvemento técnico e estético da percusión tradicional galega. Esta publicación periódica de cadernos de partituras de música tradicional e popular galega, arranxada para diversos formatos e cunha clara finalidade didáctica, sacou á luz o seu primeiro volume en novembro de 2008 cun grande éxito de vendas.

Os premios de literatura dramática convocados pola AGADIC na edición 2008 entraron de forma inmediata no prelo. Deste xeito, *Sempre quixen bailar un tango* e *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa, e *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz, pasaron a formar parte das coleccións Biblioteca Dramática Galega (as dúas primeiras) e Barriga Verde, facéndose realidade, deste xeito, unha das bases da orde de convocatoria dos premios Álvaro Cunqueiro, Manuel María e Barriga Verde, relativa á súa edición. Cómpre destacar que coa publicación do texto premiado na VI edición do Barriga Verde púxose ao día a edición de todos os textos galardoados dende a creación do premio, ao sacar a luz neste mesmo ano 2008 os dous títulos pendentes da modalidade infantil: *Cataventos e Cía.*, de Celia Núñez Díaz, e *Cucho, Coco e o dilema do 6*, de Tino Antelo, que forman os números 4 e 5 da colección Barriga Verde.



### Cadro 33. Coleccións. Títulos publicados

<b>Biblioteca de teatro</b> Editorial: <i>Galaxia</i> <i>Historia da posta en escena</i> Serie Manuais Daniel Salgado No prelo	<b>Barriga Verde</b> Editorial: <i>Baía Edicións</i> <i>Cataventos e Cía.</i> N.º 4 Celia Díaz Núñez II Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade infantil 40 páxinas
<i>A Iluminación</i> Serie Breviarios A. López Dávila No prelo	<i>Cucho, Coco e o dilema do 6</i> N.º 5 Tino Antelo I Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade infantil 38 páxinas
<i>A expresión dramática como educación</i> Serie Breviarios Gavin Bolton No prelo	<i>O punto da escarola</i> N.º 6 Xosé A. Neira Cruz VI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade infantil
<i>Práctica teatral feminista</i> Serie Manuais Elain Aston No prelo	<b>Escena aberta</b> Editorial: <i>Edicións Lairovento</i> <i>Illa Reunión</i> N.º 1 Ana Vallés 60 páxinas
<b>Biblioteca dramática galega</b> Editorial: <i>Edicións Xerais de Galicia</i> <i>Nachtmahr</i> N.º 9 Raúl Dans 88 páxinas	<b>Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor</b> Editorial: <i>Universidade da Coruña, departamento de galego-portugués, francés e lingüística</i> <i>Auto chamado dos Enfatiões</i> Serie Verde, n.º 53 Luís de Camões 152 páxinas
<i>Sempre quixen bailar un tango</i> N.º 11 Teresa González Costa XVII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais	<i>O Divino Sainete (Adaptación teatral da obra homónima de Curros Enríquez)</i> Serie Azul, n.º 54 Marica Campo 132 páxinas
<i>Pingueiras e tarteiras</i> N.º 12 Teresa González Costa III Premio Manuel María de literatura dramática infantil No prelo	

[...]

*Sempre quixen bailar un tango*, *Pingueiras e tarteiras* e *O punto da escarola*, premios á escrita dramática da edición de 2008, entraron de forma inmediata no prelo

[... ] Cadro 33

*Escritos sobre teatro I (1916-1917)*

Serie Gris, n.º 55

Antonio Gramsci

176 páxinas

---

*Escritos sobre teatro II (1918-1920)*

Serie Gris, n.º 56

Antonio Gramsci

168 páxinas

---

*O Morgado de Fafe em Lisboa.*

*O Morgado de Fafe Amoroso*

Serie Verde, n.º 57

Camilo Castelo Branco

176 páxinas

---

**Ars Gallaeciae Musicae**

Editorial: *Editora Dos Acordes*

Series: Agra Vella (clásicos), Agra Nova (actuais), Ávrego (música para banda)

---

*Preludios galegos*

Serie Agra Vella, n.º 23

Isidro Maiztegui Pereiro

---

*Os seis poemas galegos de Federico*

*García Lorca*

Serie Agra Vella, n.º 24

Isidro Maiztegui Pereiro

---

*Meditacións sobre un bemol*

Serie Agra Nova, n.º 6

José Luis Pedrosa

20 páxinas

---

*Villancico extrafino. Retablo escénico en  
catro cadros*

Serie Agra Nova, n.º 7

Juan Pérez Berná

---

*A noite do Santo Cristo*

Serie Ávrego, n.º 3

Higinio Cambeses

72 páxinas

---

*Hermancé*

Serie Ávrego, n.º 5

Reveriano Soutullo

---

*Suite Vigo*

Serie Ávrego, n.º 6

Reveriano Soutullo

---

**Pel e Madeira**

Editorial: *Dos Acordes*

*Pel e Madeira. Repertorio básico para  
gaita e percusión galegas*

Volume I, Cuarteto Tradicional

Xesús Vaamonde, Xosé Lois Romero

108 (libro xeral), 44 cada caderno

(gaita I, gaita II, tambor, bombo)

---

**Bitácora**

Editorial: *IGAEM (edición propia)*

*Kiosco das almas perdidas*

N.º 2

136 páxinas

---

### 4.2.2. Publicacións periódicas

A AGADIC edita unilateralmente dúas publicacións de carácter periódico: a revista *Paraíso*, principal instrumento gráfico de difusión das programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas, e a revista *Ao Vivo Música*, que naceu en 2008 para servir de instrumento de difusión da Rede Galega de Música ao Vivo. A Axencia colabora ademais coa Asociación Cultural Entre-Bambalinas, produtora e editora da *Revista Galega de Teatro*.

### 4.3. Prospectiva

Oriéntase este eido ao servizo da actividade da AGADIC e do sector das artes escénicas e musicais coa elaboración de estatísticas e informes de xestión así como a realización de estudos prospectivos, ao que hai que sumar as axudas que convoca a axencia de cara a impulsar a investigación no eido escénico e musical.

#### Cadro 34. Publicacións periódicas

<b>Paraíso</b>
Edita: AGADIC
Números anuais: 2 (aparición en xaneiro e setembro)
Edición non venal
Tiraxe: 9.000
N.º 3, 56 páxinas
N.º 4, 52 páxinas
Contidos xerais: promoción das actividades da Rede Galega de Teatro e Auditorios e da Rede Galega de Salas.
<hr/>
<b>Ao Vivo Música</b>
Edita: AGADIC
Números anuais: 2 (aparición en xaneiro e setembro)
Edición non venal
Tiraxe: 9.000
N.º 1, 32 páxinas
N.º 2, 32 páxinas + 4 páxinas en caderno central de programación
Contidos xerais: promoción das actividades da Rede Galega de Música ao Vivo.
<hr/>
<b>Revista Galega de Teatro - RGT</b>
Edita: Asociación Cultural Entre-Bambalinas
Números anuais: 4
Tiraxe: 600
PVP: 5,5
N.º 54: 164 páxinas
N.º 55: 184 páxinas
N.º 56: 136 páxinas
N.º 57: 116 páxinas
Contidos xerais: teatro e danza, artigos de opinión, críticas, entrevistas, axenda, textos teatrais, novidades literarias e recensións.
<hr/>

#### Cadro 35. Estudos propios

<b>Enquisa de satisfacción dos públicos da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2008</b>
Páxinas 57
Avaliación do nivel de satisfacción dos espectadores dos espectáculos teatrais da Rede Galega de Teatros e Auditorios
<hr/>
<b>A Industria musical en Galicia</b>
Páxinas 57
Mapa aproximativo do sector musical galego
<hr/>
<b>Catálogo do Arquivo de Música da Catedral de Lugo</b>
Investigadores: Javier Garbayo, Juan Gil Rodríguez e Fernando Villa Vieiro
Estudo, reordenación e catalogación dos fondos do arquivo musical da catedral de Lugo
<hr/>



## PRODUCCIÓN PROPIA

<b>CENTRO DRAMÁTICO GALEGO</b> .....	57
Producións .....	57
<i>Valdemuller</i> .....	59
<i>Estigma</i> .....	59
<i>A boa persoa de Sezuán</i> .....	60
<i>Noite de Reis</i> .....	60
Coproducións .....	61
<i>Cascuda</i> .....	61
Centro de Creación Dramática Contemporánea .....	61
Espazos CDG .....	63
Salón Teatro .....	64
Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico .....	66
<b>CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO</b> .....	67
Producións .....	68
<i>Kiosco das almas perdidas</i> .....	69
Coproducións .....	69
<i>Negro</i> .....	70
<i>Tradicción</i> .....	70
<i>Feminine</i> .....	70
Residencias de danza .....	71
Formación .....	73
Colección editorial .....	75
Música e danza tradicionais .....	75
<b>ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS</b> .....	76
Sección de Especialización .....	76
Sección de Formación Permanente .....	78



A produción propia da AGADIC no ámbito das artes escénicas e musicais realízase a través das súas unidades e centros de produción: Centro Dramático Galego (CDG), fundado no ano 1984, Centro Coreográfico Galego (CCG), creado por acordo do Consello Reitor do IGAEM no ano 2006, e Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM), que iniciou o seu funcionamento no ano 1998. Este último centro, a EAEM, non está vinculado á actividade de produción propia, aínda que recibe un tratamento semellante ao das unidades de produción.

As liñas xerais de actuación desenvolvidas durante o exercicio 2008 en relación coa produción propia da AGADIC centráronse na consolidación do proxecto do Centro Coreográfico Galego, na mellora dos sistemas e procedementos de xestión interna, na procura dunha maior actividade e presenza pública no interior e exterior de Galicia, no incremento dos ingresos xerados e na ampliación das áreas de actividade, con especial referencia ao Centro de Creación Dramática Contemporánea, e as actuacións de difusión e dinamización.

# 1. Centro Dramático Galego

Unidade de produción escénica da AGADIC, o CDG asume o seu papel de impulsor e vertebrador das diferentes correntes e manifestacións da creación teatral feita en Galicia. Logo da estabilización na exhibición dos espectáculos acadada en 2007 por medio da creación dos *Espazos CDG* e tralo éxito conseguido cos programas de autoría residente de cara a apoiar a escrita teatral galega, en 2008 o esforzo centrouse en potenciar a presenza pública da produción institucional.

## 1.1. Produción propia

### 1.1.1. Resultados xerais

O Centro Dramático Galego produciu durante o exercicio 2008 dous espectáculos correspondentes á temporada 2007/2008, *Valdemuller*, espectáculo de monicreques destinado ao público infantil e xuvenil, e *Estigma*, resultado do proxecto DramA3, correspondente ao programa de autoría residente; e un terceiro, *A boa persoa de Sezuán*, da temporada 2008/2009, estreado en outubro de 2008 e do que cómpre destacar o impacto que tivo na prensa escrita portuguesa. Así mesmo, durante este ano continuou coa xira de *Noite de Reis* nos meses de xaneiro (A Coruña e Narón) e xullo, neste último caso con tres funcións no festival de Almagro (Casa de los Miradores), unha no Festival Mimarte de Braga (Teatro Circo) e cinco representacións no Salón Teatro de Santiago de Compostela.



O teatro xuvenil tivo con *Valdemuller* un gran éxito de público e crítica, ao ser un dos espectáculos mellor valorados polos espectadores do Centro Cultural Caixanova de Vigo durante o segundo trimestre de 2008. Hai que destacar, ademais, a súa presenza na programación do Teatro Escalante, en Valencia, único espazo no Estado español dedicado exclusivamente a programar teatro infantil e xuvenil, e a súa reposición en outubro de 2008 para o festival de Titeres Galicreques de Santiago de Compostela.

Non foi posible durante o exercicio 2008 acadar os obxectivos de incremento de número de espectadores asistentes, nivel de ocupación dos teatros e de facturación en billeteira.

**Cadro 36. Distribución dos espectáculos de produción propia**

	Funcións	Localidades	Público	Espect/Func	Ocupación	Facturación
<i>Valdemuller</i>	57	14	7.835	137,46	35,04%	14.133,65
<i>Estigma</i>	26	10	3.602	138,54	30,75%	7.950,80
<i>A boa persoa de Sezuán</i>	24	6	4.091	170,46	40,93%	20.004,00
<i>Noite de Reis</i>	16	5	4.986	311,63	68,35%	28.888,20
Total	123	35	20.514	166,78	39,61%	70.976,65
Exercicio 2007	123	36	24.981	203,10	53,02%	73.383,14

O teatro xuvenil tivo con *Valdemuller* un grande éxito de crítica e público, con case 8.000 espectadores e unha media de 138 espectadores por función

### 1.1.2. Producións

#### Valdemuller

Autoría: creación colectiva a partir da novela de Xosé A. Neira Cruz

Dirección: Pablo Vergne

Elenco: Alba Grande, Montse Piñón, Raquel Queizás e Manuela Varela

**Sinopse:** Mina fai quince anos e está a preparar a celebración habitual coa súa familia, aínda que non de moi bo gusto. A sorte fai que algúns dos tópicos da festa sufran certos cambios involuntarios, como o acontecido co elegante traxe que lle tiñan preparado. Un agasallo misterioso desencadea unha investigación. Mina recibe un colgante en forma de estrela ante o cal toda a familia experimenta un certo nerviosismo. A rapaza, pouco a pouco e coa axuda da súa tía Olga, vai descubrindo os segredos que agocha o galano e as historias que oculta a súa familia. Emprende unha viaxe cara a Valdemuller, o lugar en que reside a súa tía avoa Estrela, e, ao tempo que descobre o que significa ser unha «filla da lúa», experimenta un proceso de autoconecemento e maduración que a axudarán a continuar a súa vida desde outra perspectiva.

Estrea: 15 de febreiro de 2008, Teatro Principal de Ourense.

Funcións: 57

Ourense (Teatro Principal, 13, 14, 15 e 17 de febreiro), Narón (Auditorio Municipal, do 20 ao 23 de febreiro), Tui (Teatro Área Panorámica, do 27 ao 29 de febreiro), Pontevedra (Pazo da Cultura, 5 e 6 de marzo), Carballo (Pazo da Cultura, 11 de marzo, 2 funcións), Santiago de Compostela (Salón Teatro, do 26 de marzo ao 28 de abril, 20 funcións), O Barco de Valdeorras (Teatro Lauro Olmo, 22 e 23 de abril), Valencia (Teatro Escalante, do 27 ao 30 de abril), Porto (Teatro da Biblioteca Almeida Garret/Festival Facer a Festa, 4 de maio), Vilagarcía de Arousa (Auditorio Municipal, 8 e 9 de maio), Ribadeo (Auditorio Municipal, 15 de maio), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 17 e 18 de maio), Muros (Centro Cultural e Xuvenil, 20 e 21 de maio), Ferrol (Teatro Jofre, do 25 ao 28 de maio) e Santiago de Compostela (Teatro Principal/Festival de Títeres Galicreques, 11 de outubro).

#### Estigma

Autoría: Jacobo Paz, Rubén Ruibal e Vanesa Sotelo

Dirección: Daniel Salgado

Elenco: Xavier Deive, Xosé Manuel Esperante, Clara Gayo, Vicente de Souza e María Tasende Cotelo

**Sinopse:** Nunha illa case deserta na que, trala erupción dun volcán, unha muller investiga unha masacre, dous irmáns enfrontan o destino que levan marcado na pel. Unhas voces do pasado interfíren no presente dunha parella e, baixo a sombra dunha figueira, aparece un descoñecido. Morte, terra e memoria son os elementos que guían esta proposta do CDG nunha peza chea de suspense.

Estrea: 2 de maio de 2008 no Salón Teatro de Santiago de Compostela

Funcións: 26

Santiago de Compostela (Salón Teatro, do 2 ao 18 de maio, 13 funcións), Tui (Teatro Área Panorámica, 22 e 23 de maio), Narón (Auditorio Municipal, 30 e 31 maio), O Barco de Valdeorras (Teatro Lauro Olmo, 6 de xuño), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 13 e 14 de xuño), Ribadeo (Auditorio Municipal, 20 de xuño), Ferrol (Teatro Jofre, 22 de xuño), Vilagarcía de Arousa (Auditorio Municipal, 27 de xuño), A Coruña (Teatro Colón, 2 e 3 de xuño) e Ribadavia (Auditorio do Castelo/Mostra de Teatro de Ribadavia, 20 de xullo).

## A boa persoa de Sezuán

Autoría: Bertold Brecht

Dirección: Nuno Cardoso

Elenco: Rosa Álvarez, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Mónica García, Rocío González, Roberto Leal, Rebeca Montero, Marta Pazos, Alberto Rolán, Machi Salgado, Toni Salgado, Hugo Torres

**Sinopse:** Tres deuses baixan á Terra coa esperanza de atopar persoas que sigan os seus ditados, isto é, que sexan persoas boas e xustas. A primeira que descubren é a única que os acolle en Sezuán: Xen Te, unha prostituta a quen premian dándolle outro medio de vida, unha tenda de tabaco. Pero os habitantes da aldea non tardarán en aproveitarse descaradamente das boas intencións da moza, polo que esta, farta deles, decide disfrazarse dun personaxe masculino chamado Xui Ta, que con enorme frialdade expulsa a todos os que queren vivir a conta do seu sacrificio.

**Estrea:** 24 de outubro no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

**Funcións:** 24

Santiago de Compostela (Salón Teatro, do 24 ao 26 de outubro), Carballo (Pazo da Cultura, 31 de outubro), A Coruña (Teatro Rosalía Castro, 7 e 8 de novembro), Tui (Teatro Área Panorámica, 14 e 15 de novembro), Lugo (Auditorio Gustavo Freire/Festival Clásicos Contemporáneos, 22 de novembro), Santiago de Compostela (Salón Teatro, do 26 de novembro ao 14 de decembro, 13 funcións), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 27 e 28 de decembro).

## Noite de Reis. Ou o que queirades

Autoría: William Shakespeare, versión de Quico Cadaval

Dirección: Quico Cadaval

Elenco: Suso Alonso, María Bouzas, Xan Cejudo, Marcos Correa, Susana Dans, Borja Fernández, Bernardo Martínez, Rebeca Montero, Víctor Mosqueira, Simone Negrín, Xosé Manuel Olveira «Pico», Ramón Orencio, Marcos Orsi

Foi Premio María Casares á Mellor dirección e Vestiario.

**Sinopse:** Comedia de ambientación mediterránea sobre o amor e as tolemias e baballadas que este nos leva a facer. A acción comeza cando Sebastián e Violeta, irmáns xemelgos, naufragan ante a costa de Iliria. Violeta consegue chegar case sen vida á praia coa axuda de Festas, bufón da corte do duque Orsino. Ela cre que Sebastián morreu. Vestida de home e facéndose pasar por un paxe novo co nome de Cesáreo, pasa a servir na corte do duque Orsino, que está «poética, apaixonada e desesperadamente namorado» da aflixida Lady Olivia, que o rexeita continuamente.

**Estrea:** 28 de setembro 2007 no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

**Funcións:** 16 en 2008.

A Coruña (Teatro Rosalía de Castro, do 10 ao 13 de xaneiro), Narón (Auditorio Municipal, do 17 ao 19 de xaneiro), Braga (Teatro Circo/Festival Mimarte, 4 de xullo), Almagro (Casa dos Miradores/Festival de Teatro Clásico de Almagro, do 11 ao 13 de xullo) e Santiago de Compostela (Salón Teatro, do 21 ao 25 de xullo).

## O CDG pechou a temporada de produción con *Estigma*, resultado do proxecto de dramaturxia residente DramA3

### 1.1.3. Coproducións

#### Cascuda

Autoría, dirección e interpretación: Diego Anido

**Sinopse:** Peza de teatro físico que conxuga en equilibrio as linguaxes de teatro de texto, o clown e a danza contemporánea, para dar como resultado un espectáculo que explora a difusa fronteira entre a tolemia e a cordura.

**Estrea:** 21 de maio de 2008 na Sala NASA de Santiago de Compostela.

Inmediatamente despois presentouse no festival MOVS, celebrado en Pontevedra no mes de xullo.

### 1.2. Centro de Creación Dramática Contemporánea

O Centro de Creación Dramática Contemporánea consolídase como un espazo para a investigación e a creación dramática que ten como prioridade favorecer o desenvolvemento de novas linguaxes dramáticas, tanto textuais coma xestuais. Entre os seus obxectivos destacan:

- O fomento do intercambio de coñecementos e a apertura dos creadores a outras experiencias escénicas, no ámbito nacional e internacional.
- O apoio a proxectos de investigación en novas linguaxes escénicas.
- O achegamento a outras disciplinas artísticas que hoxe en día comezan a estar ligadas ás artes escénicas.

#### *Pistas para unha dramaturxia da actualidade*

En 2008 deu comezo a 3ª edición do obradoiro de escrita teatral iniciado en 2007. Coordinado por Cándido Pazó, neste ano contou coa participación de Yolanda Pallín, Jacinto Lucas Pires e Patrick Lerch, que forman e asesoran a un total de 15 alumnos. A estes tres escritores uniríase posteriormente o autor Atonio Onetti, con quen se celebrou un obradoiro no mes de xullo en Ribadavia, durante o seu festival internacional.

No principio da temporada 2008/09, durante a terceira edición de *Pistas para unha dramaturxia da actualidade*, cóntase, ademais do taller impartido por Cándido Pazó, cunha sesión ofrecida pola autora Angélica Lidell.

O obradoiro e as actividades arredor da autoría teatral estanse a converter en referentes dentro do eido da escrita teatral e foron presentados na mostra de autor contemporáneo de Alacante 2008.

#### *A escena aumentada: Galicia*

Para visualizar a importancia das novas tecnoloxías no eido escénico contemporáneo, o CDG puxo en marcha *A escena aumentada: Galicia*, coa finalidade de impulsar a utilización das novas tecnoloxías por parte dos nosos creadores á vez que introducir os tecnólogos na investigación escénica.

De xaneiro a outubro, 13 alumnos traballaron neste obradoiro de investigación teatral que estudia a relación da escrita escénica coas linguaxes audiovisuais, dirixido polo colectivo Kõnic Thtr.

A Consellería de Innovación e Industria, a través do seu Plan Incite, a Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Coreográfico Galego apoian esta iniciativa que prevé realizar un segundo obradoiro en 2009.

#### *Páxina web Dramaturxias da actualidade*

O Centro Dramático Galego creou a finais de 2008 unha web específica para acadar a máxima difusión dos textos escritos polos autores de teatro galego actuais. A iniciativa, con escasos precedentes no Estado español, está accesible de forma gratuíta para todos os usuarios da internet no dominio [dramaturxiasdaactualidade.org](http://dramaturxiasdaactualidade.org) e como unha actividade máis das xeradas polo Centro de Creación Dramática Contemporánea. Nesta web convivirán as obras escritas polos alumnos de todas as edicións do curso anual *Pistas para unha dramaturxia dramática contemporánea* con outras obras emblemáticas da dramaturxia galega.

Coa iniciativa Espazos CDG preténdese impulsar a figura dos teatros asociados ao Centro Dramático Galego como instrumentos para promover unha mellor difusión das súas producións

### 1.3. Espazos CDG

A iniciativa Espazos CDG continúa como unha proposta dirixida a potenciar a distribución dos espectáculos do Centro Dramático Galego a través do aumento da permanencia en praza e a proximidade ao espectador. O CDG colabora cos espazos asociados cunha serie de actuacións que impulsan a comunicación dirixidas, principalmente, á captación de públicos.

Por outra banda, co obxectivo de fomentar a actividade escénica de base, o achegamento ás artes escénicas como actividade lúdica e facer promoción das artes escénicas galegas, realizáronse as seguintes actividades:

- ■ ■ Espectáculo promocional: pequena peza de animación en espazos públicos que pretende fomentar a asistencia ao teatro, non só do CDG senón da programación habitual dos espazos que o Centro visita.

Funcións promocionais realizadas: 35

Material informativo: 6.600 voandeiras coa información de cada espectáculo.

- ■ ■ Actividades formativas: dirixidas a escolares e a compañías non profesionais coa finalidade, por unha banda, de iniciar na actividade escénica a escolares e, por outra, asesorar profesionalmente a compañías e montaxes de teatro afeccionado.

Sesións realizadas: 30

- ■ ■ Xogo de rol: “Na procura de Valdemuller”, xogo previo ao espectáculo Valdemuller no que, a través do argumento e os personaxes do espectáculo, se desenvolvía un pequeno xogo de busca cos rapaces que posteriormente asistirían ao espectáculo.

Xornadas do xogo realizadas: 10

- ■ ■ Asesoramento técnico: os espazos que o solicitaron foron asesorados puntualmente polos técnicos do CDG.

- ■ ■ As actividades formativas, ademais do programa de Visitas ao Salón Teatro, estendéronse ao resto dos concellos galegos fóra dos Espazos CDG. Ofrecéronse os servizos de préstamo de atrezzo, actividades formativas e visita ao teatro.

#### 1.4. Salón Teatro

Espazo de referencia na exhibición das artes escénicas na cidade compostelã, no Salón Teatro abórdase unha ampla programación, na que ademais dos espectáculos de produción propia e as coproducións, se conta con espectáculos de mediano formato de creadores de diferentes disciplinas escénicas de recoñecido prestixio tanto nacional coma internacional, que achegan coherencia á programación deseñada polo Centro Dramático Galego. Os criterios de selección de programación son similares aos criterios de programación do CDG:

- Teatro, danza, música e circo feitos en Galicia, primando a autoría galega e os espectáculos nos que se asocien creadores de diferentes ámbitos escénicos.

- Teatro, danza, música e circo do Estado e internacionais, con especial atención aos espectáculos referenciais, que, ademais de ter interese para o público en xeral, sirvan para o coñecemento e o intercambio dos nosos profesionais cos doutras comunidades e países.

O obxectivo é acadar unha programación acorde co espírito da institución, que fidelice e diversifique os públicos e que faga do Salón Teatro un espazo emblemático para a cidade e a súa área metropolitana, así como para toda a comunidade galega; unha programación, ademais, que abarque e respecte as temporadas teatrais naturais.

Os datos relativos á exhibición no Salón Teatro durante 2008 consolídano como espazo de referencia das artes escénicas e foco de intercambio de coñecementos entre profesionais de diferentes ámbitos escénicos

Cadro 37. Exhibición no Salón Teatro

Compañía	Espectáculo	Funcións	Esp./Func.	Fac./Func.
Ángels Margarit / Cía. Mudances	<i>Larandland</i>	2	84,50	487,50
Factoría Escénica Internac.	<i>El agresor</i>	2	48,50	195,00
Cía. Daniel Abreu + Ccg	<i>Negro</i>	2	88,50	477,00
Sinsal	<i>Matt Valentine &amp; Erika Elder. Igloo</i>	1	91,00	518,00
Sinsal	<i>Michael Gira + (R)</i>	1	87,00	554,00
Voadora	<i>Periferia</i>	2	149,50	137,50
Sinsal	<i>Baby Dee + O fillo pausado</i>	1	145,00	1.152,00
Uróc Teatro	<i>Ados@Dos</i>	2	69,00	441,50
CDG	<i>Valdemuller</i>	19	110,63	328,26
CDG	<i>Estigma</i>	13	80,62	214,23
Sond'ar-te Electric Ensemble	<i>Homenaxe a Henrique X. Macías</i>	1	55,00	/
Acciónst	<i>Teatro delle Ariette, Nut Teatro e Teatro D2</i>	2	54,50	283,00
Acciónst	<i>Teatro delle Ariette, Roberto Leal e Iván Marcos</i>	2	61,50	620,50
Ciclo novas músicas	<i>Fran Pérez e Manecas Costa</i>	1	95,00	684,00
Ciclo novas músicas	<i>Nordestin@S</i>	1	110,00	835,00
Ciclo novas músicas	<i>Carmen Dor</i>	1	45,00	318,00
Teatro de Ningures	<i>Bailadela da morte ditosa</i>	2	137,50	85,00
CDG	<i>Noite de Reis</i>	5	187,60	1.403,00
Matarile Teatro	<i>Animales artificiales</i>	4	118,00	578,25
Cachuzo	<i>Game over</i>	3	125,67	274,67
Lagarta, Lagarta	<i>Aeroplanos</i>	4	159,75	956,00
CDG	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	16	106,44	346,06
Konic Thtr	<i>Now I_D</i>	2	42,50	164,00
Atra Bilis	<i>El año de Ricardo</i>	2	99,00	458,00
Teatro do Atlántico	<i>Unha primavera para Aldara</i>	4	111,00	726,25
Galitooon	<i>Babiliglub</i>	1	211,00	1.014,00
Teatro do Frío	<i>Diz que dis</i>	1	92,00	372,00
Pista Catro	<i>Ringo rango</i>	1	270,00	1.254,00
Teatro Gorakada	<i>La ciudad inventada</i>	1	150,00	822,00
Sarabela	<i>Cristovo e o libro das marabillas</i>	1	122,00	588,00
Total		100	108,66	462,49
Exercicio 2007		113	142,44	489,57



### 1.5. Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico

O Centro Dramático Galego colaborou por segundo ano consecutivo na organización do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, unha iniciativa da Radio Galega que pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre autores e medio radiofónico, divulgar a escrita teatral galega, promover o encontro entre a audiencia e o teatro e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea. Desta volta foron seleccionadas as obras *O mal da vaca*, *Saltimbanqui*, *Último Capítulo* e *Silvia, estás ahí?* As dúas primeiras, *O mal da vaca* e *Saltimbanqui*, resultaron as gañadoras desta segunda edición, a primeira delas elixida polo xurado e *Saltimbanqui*, por parte do público.

As catro obras finalistas foron editadas e gravadas pola editorial Xerais, baixo a dirección de Quico Cadaval e coa intervención de catorce actores: Fernando Pedrido, Manuel Olveira *Pico*, Xan Cejudo, Manuel Lourenzo, Rebeca Montero, Belén Constenla, Marcos Orsi, Pilar Pereira, Camila Bossa, Manuel Cortés, Anabell Gago, Susana Dans, Isidro Cea e M<sup>a</sup> José Riveiro. O premio tivo a súa gala de presentación no Teatro Principal de Pontevedra o 17 de abril. No mes de novembro de 2008 foron publicadas as bases da III edición deste premio.

## 2. Centro Coreográfico Galego

O Centro Coreográfico Galego, centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia creado en 2006, converteuse nos dous últimos anos nunha plataforma, nun espazo ideolóxico descentralizado, con vocación de traballo en rede que procura facer rendibles os recursos e ofrecer aos artistas posibilidades de relación, intercambio, información, formación... Nesta segunda temporada, 2007/2008, o CCG traballou na consolidación das liñas de traballo coas que se creou: produción propia, coproducións, programa artistas en residencia, formación para profesionais e para públicos e a colección editorial.

Durante o exercicio 2008 o Centro Coreográfico Galego incrementou os niveis de distribución nun 10%, a asistencia de público nun 12,4% e a facturación por billeteira nun 25,8%, producíndose ademais un notable incremento da distribución no exterior da comunidade autónoma, que acadou o 42,1% das prazas e das funcións

## 2.1. Producción propia

### 2.1.1. Produccións

A segunda produción do CCG, *Kiosco das almas perdidas*, estivo dirixida polo coreógrafo catalán establecido en Bruxelas, Roberto Oliván. A peza estreouse o 29 de febreiro de 2008 no Teatro Rosalía Castro da Coruña, despois de tres meses de creación e produción, nos que traballaron artistas de diversas procedencias. O propio coreógrafo seleccionou a través dunha audición pública internacional o seu equipo de traballo. Un total de 13 intérpretes, catro deles galegos, e a música en directo de Mercedes Peón deron lugar a unha peza multidisciplinar que, cunha duración aproximada de 75 minutos, reflexiona sobre a comunicación entre as persoas.

Dende o comezo do proceso de creación organizáronse ensaios abertos e accións formativas para profesionais e públicos co obxectivo de achegar a linguaxe da danza á cidadanía e contribuír á formación dos profesionais da danza residentes en Galicia; un proceso que rematou o día 7 de xullo de 2008 coa presentación da peza no Festival de Ribadavia despois dunha xira de máis de 30 actuacións por España e Portugal.

Durante o exercicio 2008 incrementáronse os niveis de distribución nun 10%, a asistencia de público nun 12,4% e a facturación por billeteira nun 25,8%. Ademais, produciuse un notable incremento da distribución no exterior da comunidade autónoma, que acadou o 42,1% das prazas e das funcións.

Cadro 38. Distribución dos espectáculos de produción propia

	Funcións	Localidades	Público	Ocupación	Facturación
<i>Kiosko das almas perdidas</i>	33	19	7.309	33,88%	33.487,91
Total	33	19	7.309	33,88%	33.487,91
<hr/>					
Exercicio 2007	30	25	6.500	48,12%	26.617,85

As coproducións realizadas en 2008 (*Negro, Tradición e Femenine*) reflicten a pluralidade artística do proxecto que desenvolve e Centro Coreográfico Galego

## Kiosco das almas perdidas

Dirección e coreografía: Roberto Oliván

Intérpretes: Lenka Bartunkova, Anna Calsina, Kirenia Martínez, Gabriella Mathé, Natxo Montero, Henrique Peón, Ana Beatriz Pérez, Hanna Shakti, Nuria Sotelo, Jordi Vilaseca.

Música en directo: Mercedes Peón e Xosé Lois Romero

**Sinopse:** *Kiosco das almas perdidas* reflicte a situación duns individuos expulsados, desconectados e abandonados, situación que os obriga a reorganizarse e atopar unha nova fórmula de supervivencia.

**Estrea:** 29 de febreiro de 2008 no Teatro Rosalía Castro da Coruña

**Funcións:** 33

A Coruña (Teatro Rosalía de Castro, 29 de febreiro e 1 e 2 de marzo), Vigo (Cen-

tro Cultural Caixanova, 7 e 8 de marzo), Pontevedra (Pazo da Cultura, 13 e 14 de marzo), Vilagarcía de Arousa (Auditorio Municipal, 17 de marzo), Xixón (La Laboral, 20 e 21 de marzo), Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia, 20 e 21 de marzo), Narón (Auditorio Municipal, 5 de abril), Cádiz (Teatro Manuel Falla, 11 de abril), Reus (Teatro Caser, 17 e 18 de abril), Sevilla (Teatro Central, 25 e 26 de abril), Tui (Teatro Municipal Área Panorámica, 30 de abril), Málaga (Teatro Cánovas, 8 de maio), Ferrol (Teatro Jofre, 10 e 11 de maio), Viseu (Teatro Viriato, 16 e 17 de maio), Ponferrada (Teatro Bergidum, 23 de maio), Ourense (Teatro Principal, 6 e 7 de xuño), Pontevedra (Pazo de Congressos, 16 de xuño), Carballo (Pazo da Cultura, 11 de xullo), Xixón (La Laboral, 16 de xullo), Barcelona (Mercat das Flors/Festival Grec, 19 e 20 de xullo), Ribadavia (Auditorio do Castelo, 25 de xullo).

### 2.1.2. Coproducións

A través das coproducións o CCG apoia proxectos profesionais de carácter privado e independente na creación dunha peza coreográfica. Con este programa o CCG quere fomentar o intercambio entre artistas e estruturas culturais, sumar iniciativas e esforzos que traballen no desenvolvemento da danza na comunidade e na súa proxección exterior. Na temporada 07-08 o CCG apoiou tres propostas moi diferentes, tanto a nivel de linguaxe coreográfica coma na traxectoria dos artistas. Tres propostas distintas que reflicten a pluralidade artística do proxecto que desenvolve o Centro Coreográfico Galego: *Negro*, de Daniel Abreu, un artista novo cunha linguaxe propia moi marcada, que consegue unha peza articulada a través das experiencias dos intérpretes ante a súa memoria. *Tradicción*, de Nova Galega de Danza, unha compañía de nova traxectoria que está realizando un importante traballo na busca dunha linguaxe de autor, partindo da experiencia dos seus intérpretes no folclore galego. E *Feminine*, da compañía portuguesa Paulo Ribeiro, unha compañía cunha longa traxectoria e un gran recoñecemento a nivel internacional coa que o CCG abriu vías de cooperación e colaboración entre Galicia e Portugal.

## Negro

Coreografía e dirección: Daniel Abreu  
Intérpretes: Andrea Quintana, Janet Novas, Anuska Alonso, Daniel Abreu

**Sinopse:** *Negro* é un traballo coreográfico para catro bailaríns que se fundamenta no corpo como único instrumento motor de toda sensación. *Negro* fala da pel durmida, do descanso, dunha paisaxe persoal, de ser honestos. A coreografía parte de escenas creadas desde a reflexión da acción cotiá e/ou a partir da improvisación, botando man tanto de material de danza non codificado que xorde da observación coma do rexistro técnico coreográfico. Inserido nos marcos de referencia da danza contemporánea e da improvisación, *Negro* artículase a partir das experiencias dos intérpretes ante a súa memoria e da súa propia calidade de movemento forzada pola dirección do traballo.

**Estrea:** 18 de xaneiro de 2008 no Teatro Ensalle de Vigo

## Tradicción

Dirección artística e coreografía: Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer

Intérpretes: Alba Vázquez, Emma Cabañas, Laura García-Vera, Lorena Ballesteros, Iván Villar, Jaime Pablo Díaz, Vicente Colomer

**Sinopse:** *Tradicción* é a busca de novos camiños de expresión, a busca de novas formas, dunha identidade que se renova desde a creación. A música é un elemento clave en *Tradicción*, espectáculo no que se mesturan melodías tradicionais con harmonías e texturas modernas. Neste sentido, é decisiva a colaboración do novo director musical da compañía, Pedro Lamas, co pianista jazz asturiano, Jacobo de Miguel, dando como resultado unha música moi persoal, de autor, na que tamén son fundamentais as achegas persoais de cada un dos músicos que traballan con Nova Galega de Danza.

**Estrea:** 12 de setembro de 2008 no Teatro Rosalía Castro da Coruña.

## Feminine

Dirección artística e coreografía: Paulo Ribeiro

Intérpretes: Elisabeth Lambeck, Erika Guastamacchia, Leonor Keil, Margarida Gonçalves, São Castro

**Sinopse:** Despois da súa peza anterior, que levaba por título *Masculine*, a compañía portuguesa pescuda en *Feminine* o universo do poeta Fernando Pessoa a través da ollada de cinco mulleres. Con coreografía e dirección de Paulo Ribeiro e música de Nuno Rebelo, esta proposta ofrécenos a posibilidade de coñecer o traballo dun dos colectivos artísticos de maior relevancia na danza contemporánea portuguesa actual.

**Estrea:** 5 de setembro de 2008 no Teatro Nacional Sao João, Porto

## 2.2. Residencias de danza

Co programa Artistas en Residencia o Centro Coreográfico Galego quere apoiar a creación a través da investigación, apostando por proxectos arriscados que buscan novas linguaxes artísticas e ofrecendo aos creadores recursos infraestruturais, técnicos e humanos para desenvolver unha actividade de investigación ou de creación artística sen a esixencia dun resultado final concreto, pois non se persegue a creación dunha peza coreográfica, senón ofrecerlles aos artistas a oportunidade de buscar e de traballar en fases dos procesos creativos.

Aos profesionais seleccionados, ademais de apoio económico, facilítaselles un espazo de traballo durante catro semanas e a posibilidade de realizar unha residencia técnica dunha semana, durante a cal realizan actividades formativas enfocadas aos profesionais do sector e presentacións públicas nas que explican o proceso de creación.

En 2008 o programa realizouse en rede con distintas cidades galegas, coa colaboración do Teatro Galán de Santiago, o Centro Torrente Ballester de Ferrol ou A Fábrica de Oleiros. Foron un total de oito os proxectos acollidos durante este ano, catro deles galegos e catro doutras comunidades.

## Oito foron os proxectos acollidos ao programa Residencias de danza, catro galegos e catro doutras comunidades

### Play

Borja Fernández e Uxía P. Vaello (Galicia)  
Marzo de 2008, Teatro Galán de Santiago de Compostela

*Play* formou parte da programación do Mov's Pontevedra 08, onde se presentou, o 17 de xuño, a máis de 200 profesionais do sector da danza.

### La danza del cisne

Iker Gómez (País Vasco)  
Xullo de 2008, Teatro Galán de Santiago de Compostela

Traballo de investigación e de creación compartida con dous bailaríns intérpretes, un músico-intérprete e un equipo de produtores expertos na música analóxica. O resultado é unha peza de danza, vídeo-coreografía e música que se presentou o 1 de agosto de 2008 no Teatro Galán de Santiago de Compostela.

### Alicia en Grusia Project

Estela Lloves e Tania Arias Winogradow  
(Galicia-Rusia)

Setembro de 2008, Centro Torrente  
Ballester de Ferrol

Proxecto de investigación sobre o tema da identidade e os seus aspectos básicos. Un traballo que mestura a cultura galega e a rusa, e para o que contaron coa colaboración dos artistas ferroláns Suso Pérez Lago, Victoria Suárez Taibón, Lucía Fernández Álvarez e Rubén Coca.

### Some things happen all at once

Rosa Casado (Madrid)

Setembro de 2008, Centro Torrente  
Ballester de Ferrol

En colaboración con Mike Brookes, Rut Balbís, Javier Martín e Carolina Fernández, este traballo de Rosa Casado deu como resultado unha performance/instalación que reflexiona sobre o progreso humano e a sostenibilidade, articulado arredor da construción e descomposición dun bosque de xeo.

Foi presentado o 10 de outubro no Centro de Arte Torrente Ballester de Ferrol no marco da mostra *Ultimísimos*.

### Subidón, saldos de un bazar familiar

Félix Fernández (Galicia)

Setembro de 2008, Centro de Arte  
Torrente Ballester de Ferrol

Reflexión autobiográfica do residente nun traballo que se desenvolve como unha viaxe imaxinaria a través da estraña relación entre o artista e a súa nai.

### 90dB

Bárbara Bañuelos (Burgos)

Setembro, Teatro Galán de Santiago  
de Compostela

Xogo interactivo para abrir a sensibilidade e a capacidade de aprender e mirar a outras realidades.

Este traballo amosouse ao público o 26 de setembro de 2008 no Teatro Galán de Santiago de Compostela.

### Casualidances... Desencontros

Antón Coucheiro (Galicia)

Decembro de 2008, Teatro Galán de  
Santiago de Compostela

Neste traballo mestura a danza contemporánea co teatro físico, e máis concretamente coa estética e a poética do clown, onde o movemento se torna unha linguaxe máis próxima e cotiá, que conecta co espectador, coa súa fragilidade, tenrura e humor.

O resultado deste proceso creativo amosouse ao público o 10 de decembro de 2008 no Teatro Galán de Santiago.

### Déixame bostezar

Maite Delafín (Francia)

Xullo de 2008, Fábrica de Santa Cristina  
de Oleiros

En colaboración co Certame Coreográfico de Madrid, o CCG apoiou a residencia de Maite Delafín e a compañía Nux, que traballaron a partir da manipulación e percepción do tempo, levando o xesto cotián ao movemento bailado e explorando situacións nas que a miúdo nace o sentimento de aburrimiento.

O resultado deste traballo amosouse ao público o 31 de xullo de 2008 no Centro Coreográfico Galego, na Coruña.

### 2.3. Formación

O programa de formación do CCG diríxese aos profesionais da danza e outras artes do movemento, a través de diversos talleres de técnica, repertorio e composición, e á cidadanía por medio dunha serie de accións formativas destinadas aos públicos, ademais dun programa pedagóxico específico dirixido a centros educativos.

A formación para profesionais está dirixida a estudantes e profesionais que traballan no campo da danza e a artistas doutras disciplinas que teñen a danza como referencia. Organízase de xeito descentralizado con outras estruturas co obxectivo de traballar en rede e facer rendibles os recursos, apoiando proxectos que traballen na mesma dirección que o CCG.

En 2008 o CCG ampliou a súa oferta formativa con talleres de mediación cultural, dirixidos por unha parte a persoas que están en relación co público, como mediadores, xestores culturais e profesores, e , por outra, a profesionais que traballan con persoas de necesidades educativas especiais, mostrándolles a danza como unha ferramenta na superación das barreiras comunicativas e de socialización.

No referente á formación dirixida a estudantes e profesionais da danza, oférense cursos de ballet clásico, danza contemporánea e adestramento regular de pilates e ioga, tentando aportarlles aos intérpretes os recursos necesarios para desenvolverse nos distintos campos das artes do movemento.

Así mesmo, en paralelo á xira de *Kiosco das almas perdidas* leváronse a cabo unha serie de actividades formativas tanto para os profesionais da danza e outras artes do movemento coma para os públicos, neste último caso en colaboración coa Asociación Danesga.

Por outra banda, o CCG ten en marcha un completo programa pedagóxico dirixido a centros de educación co que achegar a danza e a música aos máis mozos. Este programa estivo formado por dous talleres de danza e tres de música, que, a través de actividades lúdicas, achegan estas artes aos alumnos. O programa pedagóxico complétase coa unidade didáctica de *Kiosco das almas perdidas*, unha ferramenta para que o público poida afondar na peza.

A este programa de formación hai que sumar as actividades formativas que realizan os artistas en residencia e os que están en coprodución co CCG.

Máis de 2.500 alumnos participaron nos obradoiros de formación para públicos e para profesionais ofertados polo CCG



### Cadro 39. Talleres de formación para públicos

Taller	Profesor	N.º talleres	Espazo	Asistentes
Taller de aproximación á danza contemporánea	APDEGA	12	Xira	1.102
Érase unha vez a danza	Beatriz Ponlla	24	Centros educativos	635
O mundo danza nun teatro	Belén Vázquez	15	Centros educativos	436
Total	3	51	51	2.173
Exercicio 2007	3	13	13	424

### Cadro 40. Talleres de formación para profesionais

Taller	Profesor	N.º talleres	Espazo	Asistentes
Forza e fragilidade	Iñaki Azpillaga	1	CCG (A Coruña)	20
Ritmo e percusión	Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero	1	CCG (A Coruña)	6
Na procura dunha linguaxe propia	Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer	1	CCG (A Coruña)	7
Curso intensivo	Teresa Navarrete e Miguel Marín	1	Teatro Ensalle (Vigo)	8
Clase maxistral	Teresa Navarrete e Miguel Marín	3	Conservatorios (A Coruña/Lugo)	51
Obradoiro de danza contemporánea	Jurij Konjar	1	CCG (A Coruña)	12
Obradoiro de danza contemporánea	Carmen Werner	1	Teatro Ensalle (Vigo)	10
Clase maxistral	Paulo Ribeiro	1	Teatro Galán (Santiago)	20
Clase maxistral	Angels Margarit	1	Espazo Aberto (Santiago)	11
Clase maxistral	Cristiane Marchant	1	CCG (A Coruña)	9
Composición, improvisación e repertorio	Angels Margarit	1	CCG (A Coruña)	11
Ferramentas para programar danza	Beatriu Daniel, Toni Jodar, David Marquez e Agustín Lorenzo	1	Forum Metropolitano (A Coruña)	18
As novas relacións cos públicos	Medhi Idir e Olga Mesa	1	Salón Teatro / Sala Galán	22
Técnica release	Lipi Hernández	1	CCG (A Coruña)	5
Psicodanza	Carmela Bueno e Alejandra Beiras	1	A Fabrica (Oleiros)	9
Clases abertas	Erick Jiménez	1	CCG (A Coruña)	26
Composición coreográfica	Erick Jiménez	4	A Coruña/Pontevedra/Xixón	127
Comunicámonos movéndonos	Erick Jiménez	1	Espazo Aberto (Santiago)	8
Clase de danza contemporánea	Erick Jiménez	1	Teatro Jofre (Ferrol)	6
Total	15	24	13	386
Exercicio 2007	15	16	7	259

## 2.4. Colección editorial

O Centro Coreográfico Galego desenvolve un importante proxecto editorial a través da colección Bitácora, coa que se quere recoller a memoria da danza, poñendo á vista os procesos creativos, amosando as notas e a evolución dun espectáculo de danza, desde a idea inicial ata a presentación final da peza coreográfica. O CCG encárgalle a un fotógrafo o seguimento de todo o proceso creativo da súa produción da temporada para crear un documento que a través de imaxes nos amose o que hai detrás da creación dunha peza coreográfica, convertendo esta colección non só en testemuño dunha peza artística, senón nun proxecto artístico en si mesmo. No caso de *Kiosco das almas perdidas*, editado en 2008, o fotógrafo foi Víctor R. Jove.

## 2.5. Música e danza tradicionais

A música e a danza tradicionais foron obxecto dunha serie de actividades educativas dirixidas fundamentalmente ao ámbito escolar co obxectivo de introducir aos escolares na historia e evolución da nosa tradición coreográfica e musical a través de diferentes unidades didácticas adaptadas para cada ciclo formativo. Estes obradoiros, cunha metodoloxía eminentemente participativa, foron impartidos polo persoal do Centro Coreográfico Galego e do Grupo de Música Tradicional do IGAEM.

Cadro 41. Talleres e concertos didácticos

Taller	Profesor	N.º talleres	Espazo	Asistentes
¿Quieres coñecer a gaita?	Carlos Rilo	18	Centros educativos	712
A zanfona vai á escola	Suso Vaamonde	34	Centros educativos	659
Concerto didáctico	Carlos Rilo, Suso Vaamonde, Carlos Taboada, Xosé Lois Romero e José Ramón Bugliot	31	Centros educativos	3.057
Total	5	83	83	4.428
Exercicio 2007	5	15	15	605

Membros do Grupo de Música Tradicional impartiron talleres,  
de música tradicional dirixidos fundamentalmente  
ao ámbito escolar

### 3. Escola de Altos Estudos Musicais

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM), centro para a educación musical xestionado pola AGADIC, ten como prioridade formar e perfeccionar os futuros profesionais galegos da música clásica, así como a organización de diferentes actividades de divulgación musical. Aínda que non está vinculada á actividade de produción propia da AGADIC, a EAEM recibe un tratamento semellante ao das restantes unidades de produción, CDG e CCG.

A Escola organiza a súa actividade educativa e divulgativa ao redor de dous departamentos independentes, aínda que complementarios nos seus obxectivos: a sección de especialización e a de formación permanente; a primeira, orientada a proporcionar formación especializada a músicos cunha formación básica mínima (ben cos estudos de conservatorio rematados, ben con dominio instrumental acreditado) e que teñan como vocación exercer como profesionais, e a segunda, dirixida á actualización permanente dos coñecementos dos profesionais da música a través de cursos e encontros.

#### 3.1. Sección de Especialización

Trinta e seis alumnos recibiron clases de diferentes especialidades nesta sección durante o ano 2008: sete en violín, catro en violonchelo, tres en viola, así como en óboe, clarinete e trompa; e dous en cada unha das especialidades de fagot, trompeta, trompa, frauta, trombón, contrabaixo e percusión. Doce especialidades para 36 alumnos activos procedentes, uns, do segundo período lectivo da temporada 2007/2008, e os restantes, seleccionados das probas de audición realizadas pola EAEM durante o mes de maio, ás que concorreron 132 novos músicos, na súa meirande parte galegos. Como oíntes, asisten ás clases de fagot, trombón, óboe, viola, percusión, trompeta, frauta, clarinete un total de once alumnos.

Clases individuais, de música de cámara, de práctica orquestral, e clases teóricas articulan este programa formativo de dous períodos lectivos de duración (prorrogables a tres de xeito excepcional) que se ve apoiado pola realización de concertos públicos de entrada gratuíta que os propios alumnos protagonizan, ben como intérpretes solistas, ben en conxuntos de cámara ou como membros da Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais. Neste último caso, as actuacións realízanse baixo a dirección de recoñecidos directores que previamente desenvolven un importante traballo cos estudantes nas sesións de práctica orquestral. Maximino Zumalave, Jordi Mora ou David Tomás foron os mestres que puxeron ao servizo dos alumnos os seus coñecementos durante o ano 2008.

## Cadro 42. Concertos

### Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais

Data	Lugar	Director	Solista
21 febreiro	Centro Cultural Caixanova. Vigo	Maximino Zumalave	Guillermo González
23 febreiro	Auditorio de Galicia	Maximino Zumalave	Guillermo González
18 decembro	Pazo da Cultura. Carballo	Jordi Mora	
19 decembro	Auditorio de Sada	Jordi Mora	
20 decembro	Auditorio da EAEM. Santiago	Jordi Mora	

### Grupo de cámara de vento da Escola de Altos Estudos Musicais

Data	Lugar	Director	
20 novembro	Auditorio do Milladoiro. Ames	David Tomás	

### Concertos de cámara

Data	Lugar		
28 de xaneiro	Auditorio da EAEM. Santiago		
18 de xuño	Auditorio da EAEM. Santiago		

### Solistas

Data	Lugar	Data	Lugar
10 marzo	Auditorio da EAEM. Santiago	21 maio	Auditorio da EAEM. Santiago
7 abril	Auditorio da EAEM. Santiago	22 maio	Auditorio da EAEM. Santiago
11 abril	Auditorio da EAEM. Santiago	23 maio	Auditorio da EAEM. Santiago
21 abril	Auditorio da EAEM. Santiago	26 maio	Auditorio da EAEM. Santiago
22 abril	Auditorio da EAEM. Santiago	2 xuño	Auditorio da EAEM. Santiago
19 maio	Auditorio da EAEM. Santiago		

Os 36 alumnos que recibiron clases de diferentes especialidades na Escola ofreceron un total de 14 concertos públicos como solistas, en formacións de cámara e como integrantes da Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais

### 3.2. Sección de Formación Permanente

A actualización permanente dos coñecementos dos profesionais da música, así como o labor de promoción e difusión da música a todos os niveis son os obxectivos desta sección, que se cristaliza a súa actividade na organización de diferentes cursos e encontros dirixidos a estudantes e profesionais.

Un total de dez profesores impartiron ao longo do ano diferentes cursos centrados en composición, trompa natural e contrabaixo, aos que asistiron 42 alumnos, neste último caso a través da VII edición do Festival de contrabaixo Ludwig Streicher, que se consolida como un dos máis importantes eventos dos que se dedican de forma monográfica a este instrumento.

Cadro 43. Cursos programados

Curso	Profesor	Datas	Asistentes
Composición	Antón García Abril	8 xaneiro, 26 febreiro, 25 marzo, 15 abril, 20 maio, 10 xuño, 8 xullo, 18 novembro, 16 decembro	11
Trompa natural	Jorge Rentería	14-18 abril	6
VII Festival de Contrabaixo Ludwig Streicher	Antonio García Araque Carlos Méndez Luis Navidad Damián Arenas Roberto Terrón Alfonso Morán Ángel Gago Lorenzo de los Santos	1-9 xullo	25
Total			42

O Festival de Contrabaixo Ludwig Streicher, xa na súa VII edición, consolídase como un dos máis importantes eventos dedicados a este instrumento

**ÍNDICE DE  
GRÁFICOS E CADROS**



## GRÁFICOS

### POLÍTICAS DE FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

#### MERCADOS

1. Orzamentos totais de programación .....	14
2. Distribución por disciplinas .....	14
<b>Rede Galega de Teatros e Auditorios</b>	
3. Niveis de contratación: evolución anual das principais ratios .....	16
4. Niveis de contratación: evolución anual dos principais indicadores .....	16
5. Niveis de contratación: evolución anual das principais ratios: teatro .....	16
6. Niveis de contratación: evolución anual dos principais indicadores: teatro .....	16
7. Niveis de asistencia de públicos: espectadores por función. Evolución mensual .....	20
8. Niveis de asistencia de públicos: espectadores por función. Datos acumulados .....	20
9. Niveis de asistencia de públicos: facturación por función. Evolución mensual .....	21
10. Niveis de asistencia de públicos: facturación por función. Datos acumulados .....	21
<b>PROMOCIÓN EXTERIOR</b>	
11. Distribución exterior por áreas xeográficas .....	44

## CADROS

### POLÍTICAS DE FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

#### MERCADOS

1. Evolución global das programacións de artes escénicas e musicais .....	14
2. Evolución das programacións por disciplinas artísticas .....	14
<b>Rede Galega de Teatros e Auditorios</b>	
3. Evolución global da contratación na RGTA .....	15
4. Evolución da contratación de teatro na RGTA .....	17
5. Evolución dos niveis de contratación das dez compañías de teatro con maior facturación na RGTA .....	17
6. Evolución da contratación de danza, maxia e música na RGTA .....	18
7. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGTA. Comparativa 2007-2008 .....	20
8. Evolución das axudas a dotacións e investimentos da RGTA .....	21
9. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2008 .....	21
<b>Rede Galega de Salas</b>	
10. Programación da Rede Galega de Salas .....	23
11. Evolución das axudas directas a salas de titularidade privada .....	23
12. Evolución dos ingresos e gastos medios das salas de titularidade privada .....	23
13. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGS .....	24
<b>Rede Galega de Música ao Vivo</b>	
14. Programación da Rede Galega de Música ao Vivo .....	25
15. Programación de maxia da Rede Galega de Música ao Vivo .....	25
16. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGMV .....	26

## APOIO Á ACTIVIDADE ESCÉNICA E MUSICAL

### **Apoio á actividade escénica**

17. Evolución global das axudas á produción/actividade escénica .....	30
18. Evolución por subsectores das axudas á produción/actividade escénica .....	31
19. Proxectos subvencionados na convocatoria 2008 .....	31
20. Evolución económica das empresas do sector .....	34

### **Apoio á actividade musical**

21. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2008 .....	35
--	----

### **Desenvolvemento empresarial**

22. Axudas Crédito Cultura .....	35
----------------------------------	----

### **Plan de formación**

23. Plan de formación 2008 .....	37
24. Axudas á formación .....	38

### **Fomento do asociacionismo profesional**

25. Evolución das axudas ao asociacionismo profesional .....	39
26. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2008 .....	39

### **Apoio á creación**

27. Premios á escrita dramática 2008 .....	41
--	----

## PROMOCIÓN EXTERIOR

28. Evolución global das axudas á distribución no ámbito da actividade escénica .....	44
29. Compañías subvencionadas .....	45
30. Evolución global das axudas á asistencia a feiras e mercados no ámbito da música .....	46
31. Evolución global das axudas á distribución de espectáculos no ámbito da música .....	46
32. Axudas á asistencia a feiras e mercados no ámbito da música .....	46

## MEDIDAS DE APOIO

33. Coleccións. Títulos publicados .....	51
34. Publicacións periódicas .....	53
35. Estudos propios .....	53

## PRODUCCIÓN PROPIA

### CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

36. Distribución dos espectáculos de produción propia .....	58
37. Exhibición no Salón Teatro .....	65

### CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

38. Distribución dos espectáculos de produción propia .....	68
39. Talleres de formación para públicos .....	74
40. Talleres de formación para profesionais .....	74
41. Talleres e concertos didácticos (Música e danza tradicionais) .....	75

### ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

42. Concertos .....	77
43. Cursos programados .....	78





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE



Axencia Galega das  
Industrias Culturais